JOSÉ ALONSO Y TRELLES

EL VIEJO PANCHO

ANTOLOGÍA POÉTICA

Gustavo San Román es montevideano nieto de gallegos transterrados como José Alonso y Trelles, y transterrado él también de joven (y, como todos ellos, por barco). Su destino ha sido Gran Bretaña, que le regaló formación académica (en Nottingham, con un año en Compostela, y Cambridge) y una larga carrera de profesor en la antigua Universidad escocesa de St Andrews, donde ha investigado la literatura uruguaya y algunos de los vínculos de ella con Galicia. El Viejo Pancho ha sido una de sus preocupaciones recurrentes durante tres décadas.

~

Gustavo San Román é montevideano neto de galegos transterrados como José Alonso y Trelles, e transterrado el tamén de mozo (e, como todos eles, por barco). O seu destino foi Gran Bretaña, que lle regalou formación académica (en Nottingham, cun ano en Compostela, e Cambridge) e unha longa carreira de profesor na antiga Universidade escocesa de St Andrews, onde investigou a literatura uruguaia e algúns dos vínculos dela con Galicia. El Viejo Pancho foi unha das súas preocupacións recorrentes durante tres décadas.

Galicia 2024

Edita:
Xunta de Galicia
Concello de Ribadeo

Colabora:
Ministerio de Educación e Cultura do Uruguai
Dirección Nacional de Cultura do Uruguai
Instituto Nacional de Letras do Uruguai

© Da edición: Gustavo San Román
© Da tradución ao galego: Daniel Chapela e Belén Senín
© Dos textos liminares: os seus autores
© Da ilustración da cuberta: a artista uruguaia Seida Lans, obra baseada nun retrato de Alonso y Trelles
© Das ilustracións interiores: os artistas uruguaios Cecilia Astiazarán, Daniela Beracochea, Diego Bianki, Nat Cardozo, Ceciro, Fran Cunha, Noel de León, Florencia Durán Itzaina, Seida Lans e Álvaro Zunini

ISBN: 978-84-19840-30-1
Depósito legal: PO 283-2024

Impresión e encadernación:

Técnicas & Gramaxe SL
Máis Deseño SL

JOSÉ ALONSO Y TRELLES

EL VIEJO PANCHO

ANTOLOGÍA POÉTICA

Edición bilingüe castellano gauchesco – gallego
con ilustraciones de artistas uruguayos contemporáneos

EDICIÓN DE GUSTAVO SAN ROMÁN
TRADUCCIÓN AL GALLEGO POR DANIEL CHAPELA Y BELÉN SENÍN

JOSÉ ALONSO Y TRELLES

EL VIEJO PANCHO

ANTOLOXÍA POÉTICA

Edición bilingüe castelán gauchesco – galego
con ilustracións de artistas uruguaios contemporáneos

EDICIÓN DE GUSTAVO SAN ROMÁN
TRADUCIÓN AO GALEGO POR DANIEL CHAPELA E BELÉN SENÍN

ÍNDICE

El Viejo Pancho y la hermandad gallego-uruguaya. José López Campos 10
El Viejo Pancho, maestro de las letras ribadenses y uruguayas. Daniel Vega Pérez 14
Profundamente gallego, profundamente uruguayo. Pablo da Silveira 18
Agradecimientos 22
Introducción. Gustavo San Román 24
Antología poética 54
1. A una cortina (trova) 58
2. Pensando en ti, Lola 66
3. Resolución 70
4. La güeya 78
5. Desencanto – ¡A volar! 84
6. Vidalitas 92
7. Versos de pericón 98
8. Lamentos 106
9. Cosas de viejo... 120
10. Dos de noviembre (de 1904) 126
11. Tú eres la sola 130
12. Charamuscas 134
13. Insomnio 140
14. Tiento sobao 150
15. Misterio 156
16. Volver p'atrás 164
17. ¡Como todas! 168
18. ¡Hopa... hopa... hopa!... 174
19. ¡Pobre alma mía! 180
20. Mi testamento 186
21. El secreto e la vida 192
22. ¡Ecce homo! 198
23. A mi rancho 202
24. Remordimientos 208
25. Aprovechate, gaviota 216
Nota sobre el dialecto gaucho y bibliografía 218

ÍNDICE

El Viejo Pancho e a irmandade galego-uruguaia. José López Campos 11
El Viejo Pancho, mestre das letras ribadenses e uruguaias. Daniel Vega Pérez 15
Profundamente galego, profundamente uruguaio. Pablo da Silveira 19
Agradecementos 23
Introdución. Gustavo San Román 25
Antoloxía poética 55
1. A unha cortina (troba) 59
2. Pensando en ti, Lola 67
3. Resolución 71
4. A pegada 79
5. Desencanto – A voar! 85
6. Vidalitas 93
7. Versos de *pericón* 99
8. Lamentos 107
9. Cousas de vello... 121
10. Dous de novembro (de 1904) 127
11. Ti es a única 131
12. Faíscas 135
13. Insomnio 141
14. *Tiento sobao* 151
15. Misterio 157
16. Volver pr'atrás 165
17. Como todas! 169
18. Hopa... hopa... hopa!... 175
19. Pobre alma miña! 181
20. O meu testamento 187
21. O segredo da vida 193
22. Ecce homo! 199
23. Ao meu *rancho* 203
24. Remorsos 209
25. Aprovéitate, gaivota 217
Nota sobre o dialecto gaucho e bibliografía 219

Esta edición está dedicada a las villas de Ribadeo y Tala, con el deseo de fomentar lazos de fraternidad entre las dos patrias chicas de José Alonso y Trelles

Esta edición está dedicada ás vilas de Ribadeo e Tala, co desexo de fomentar lazos de fraternidade entre as dúas terras de José Alonso y Trelles

EL VIEJO PANCHO Y LA HERMANDAD GALLEGO-URUGUAYA

Los vínculos gallegos con las venturosas tierras de la República Oriental de Uruguay vienen de lejos y se manifiestan en muy diversas direcciones. Pero no cabe duda de que es en el terreno de lo literario donde esta hermandad uruguayo-gallega ha ofrecido sus frutos más sustanciosos.

De lo que afirmo dan buena cuenta figuras como la de la escritora de Melo Juana de Ibarbourou, hija de un emigrante de Vilanova de Lourenzá, unánimemente reconocida como una de las mayores poetas latinoamericanas. También la del sabio polígrafo Lois Tobío, nacido en Viveiro y casado con la uruguaya María del Carmen Soler, pareja que residió largo tiempo en Montevideo, donde él sobresalió como activo intelectual galleguista. Por supuesto, el maestro y escritor Xerardo Díaz Fernández, autor de Porto do Son que vivió en Montevideo casi medio siglo y escribió allí toda su importante obra memorialística. Y, por supuesto, también la del poeta y ensayista Xosé Monterroso Devesa, nacido en A Coruña, pero criado en Tacuarembó desde los seis hasta los diecinueve años, autor de obras tanto en gallego como en castellano en las que refleja ambos mundos. Ahora bien, si hay un escritor que simboliza en grado sumo esta fraterna relación de los pueblos gallego y uruguayo ese es, con certeza, José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho.

Nacido en Ribadeo a mediados del XIX, Alonso y Trelles emigró a América muy joven y vivió en Uruguay ya por el resto de sus días, dejando una enorme huella en Montevideo y Tala, localidades en las que residió, como uno de los intelectuales más destacados de su tiempo y figura referencial de la literatura gauchesca.

Desde Galicia, en su conjunto, y muy particularmente desde su Ribadeo natal, se ha tenido siempre un recuerdo admirativo de su personalidad y su escritura. Por eso, en el Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, perteneciente a la Consellería que me honro en dirigir, se editó hace ya más de un cuarto de

EL VIEJO PANCHO E A IRMANDADE GALEGO-URUGUAIA

Os vínculos galegos coas venturosas terras da República Oriental do Uruguai veñen de vello e manifféstanse en moi diversas direccións. Mais non cabe dúbida de que é no terreo do literario onde esta irmandade uruguaio-galega ten ofrecido os seus froitos máis celmosos.

Do que afirmo dan boa conta figuras como a da escritora de Melo Juana de Ibarbourou, filla dun emigrante de Vilanova de Lourenzá, unanimemente recoñecida como unha das maiores poetas latinoamericanas. Tamén a do sabio polígrafo Lois Tobío, nacido en Viveiro e casado coa uruguaia María del Carmen Soler, parella que residiu longo tempo en Montevideo, onde el salientou como activo intelectual galeguista. Por suposto, a do mestre e escritor Xerardo Díaz Fernández, autor do Porto do Son que viviu en Montevideo case medio século e escribiu alí toda a súa importante obra memorialística. E, xaora, tamén a do poeta e ensaísta Xosé Monterroso Devesa, nado na Coruña, mais criado en Tacuarembó dende os seis ata os dezanove anos, autor de obras tanto en galego coma en castelán nas que reflicte ambos os dous mundos. Agora ben, se hai un escritor que simboliza en grao sumo esta fraterna relación dos pobos galego e uruguaio ese é, con certeza, José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho.

Nado en Ribadeo a mediados do XIX, Alonso y Trelles emigrou a América moi novo e viviu no Uruguai xa polo resto dos seus días, deixando unha enorme pegada en Montevideo e Tala, localidades nas que morou, como un dos intelectuais máis destacados do seu tempo e figura referencial da literatura gauchesca.

Dende Galicia, no seu conxunto, e moi particularmente dende o seu Ribadeo natal, tívose sempre unha lembranza admirativa da súa personalidade e escrita. Por iso, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, pertencente á Consellería que me honro en dirixir, editouse xa hai máis dun cuarto de século

siglo *"Paja brava" de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles*, compilación de los escritos del autor a cargo de Gustavo San Román, reconocido especialista en la obra del autor, que ahora se responsabiliza también de este libro.

Pues bien, tiempo es de que volvamos a incidir en esa amigable unión de nuestras culturas. Y nada mejor para hacerlo que regresar a la figura de El Viejo Pancho para ofrecer una antología poética en edición bilingüe gauchesco-gallega, confirmando así la doble y complementaria adhesión que Alonso y Trelles representa como puente natural entre las tierras que baña el río Uruguay y las que atraviesa el padre Miño.

Por tanto, nada más grato para mí que saludar la aparición del presente volumen, que revalida los afectos que nos unen con el pueblo uruguayo, que afirma nuestro orgullo por un destacado hijo de Galicia y que pone a disposición del lectorado transatlántico una selecta muestra de su poesía.

Para acabar, quiero significar y aplaudir el buen trabajo llevado a cabo por Gustavo San Román como responsable último de la obra, de los traductores de la antología, de los ilustradores del volumen, del Concello de Ribadeo, que en las personas de su alcalde Daniel Vega Pérez y de su concejala de Cultura Begoña Sanjurjo tanto hizo porque este libro viese la luz, y, por supuesto, del coordinador del Instituto de Letras del Ministerio de Educación y Cultura de Uruguay, Nicolás der Agopián, además del cónsul uruguayo en Santiago de Compostela, Ramiro Rodríguez Bausero. A todos ellos debemos la alegría de poder leer, en nuestras lenguas hermanas, la mejor poesía de José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho, el más universal de los escritores gaucho-gallegos.

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lengua y Juventud

"Paja brava" de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles, compilación dos escritos do autor ao cargo de Gustavo San Román, recoñecido especialista na obra do autor, que agora se responsabiliza tamén deste libro.

Pois ben, tempo é de que volvamos recuncar nesa amigable unión das nosas culturas. E nada mellor para facelo que regresar á figura de El Viejo Pancho para ofrecer unha antoloxía poética en edición bilingüe gauchesco-galega, confirmando así a dupla e complementaria adhesión que Alonso y Trelles representa como ponte natural entre as terras que baña o río Uruguai e as que atravesa o pai Miño.

Xa que logo, nada máis grato para min que saudar a aparición do presente volume, que revalida os afectos que nos unen co pobo uruguaio, que afirma o noso orgullo por un senlleiro fillo de Galicia e que pon ao dispor do lectorado transatlántico unha selecta mostra da súa poesía.

Para rematar, quero significar e aplaudir o bo traballo desenvolvido por Gustavo San Román como responsable último da obra, dos tradutores da antoloxía, dos ilustradores do volume, do Concello de Ribadeo, que nas persoas do seu alcalde Daniel Vega Pérez e da súa concelleira de Cultura Begoña Sanjurjo tanto fixo porque este libro vise a luz, e, por suposto, do coordinador do Instituto de Letras do Ministerio de Educación e Cultura do Uruguai, Nicolás der Agopián, amais do cónsul uruguaio en Santiago de Compostela, Ramiro Rodríguez Bausero. A todos eles debemos a ledicia de poder ler, nas nosas linguas irmás, a mellor poesía de José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho, o máis universal dos escritores gaucho-galegos.

José López Campos
Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

EL VIEJO PANCHO, MAESTRO DE LAS LETRAS RIBADENSES Y URUGUAYAS

Ribadeo siempre ha sido tierra de las más bellas palabras. En estos campos que bañan el Eo y el Cantábrico nacieron próceres de las letras gallegas, hispanas y latinoamericanas que son el orgullo de nuestra ciudad.

Ahí están nombres como el de Jacinto Romualdo López (1808-1895), uno de los grandes de la Escola do Nadal mindoniense, autor de villancicos en nuestra lengua que son historia del Prerrexurdimento. O Dionisio Gamallo Fierros (1914-2000), eximio profesor, correspondiente de la Real Academia Galega y de la Real Academia Española, que nos legó magistrales ensayos sobre clásicos de la literatura española y que también cultivó ocasionalmente el verso. También Luz Pozo Garza (1922-2020), una de las mayores poetas gallegas de nuestros tiempos, traducida a múltiples lenguas y propuesta en su día al Premio Nobel.

Pero si hubiese que señalar un momento auroral de la gran tradición literaria ribadense sin duda este tendría como protagonista a José María Alonso y Trelles, El Viejo Pancho (1857-1924), el más importante de los cantores gauchos de Uruguay, nacido en la calle que hoy lleva su nombre en Ribadeo y emigrado a América con apenas dieciocho años.

La casa natal de El Viejo Pancho es hoy sede del Centro de Estudios Iberoamericanos y atesora la memoria de este ribadense ejemplar, que se convirtió en un maestro del periodismo y uno de los autores más destacados de las letras uruguayas, sobre todo gracias a la publicación de *Paja brava* (1916), su obra más referencial y un clásico de la sociedad, costumbres y sentires de la cultura gaucha.

Por todas estas razones, es para mí muy grato como alcalde de Ribadeo saludar la aparición de esta *Antología poética* que compila una parte muy representativa de lo más valioso de su escritura.

EL VIEJO PANCHO, MESTRE DAS LETRAS RIBADENSES E URUGUAIAS

Ribadeo foi de sempre terra das máis belidas palabras. Nestes eidos que bañan o Eo e o Cantábrico naceron próceres das letras galegas, hispanas e latinoamericanas que son o orgullo da nosa cidade.

Velaí están nomes como el de Jacinto Romualdo López (1808-1895), un dos grandes da Escola do Nadal mindoniense, autor de panxoliñas na nosa lingua que son historia do Prerrexurdimento. Ou Dionisio Gamallo Fierros (1914-2000), eximio profesor, correspondente da Real Academia Galega e da Real Academia Española, que nos legou maxistrais ensaios sobre clásicos da literatura española e que tamén cultivou ocasionalmente o verso. Tamén si, Luz Pozo Garza (1922-2020), unha das maiores poetas galegas dos nosos tempos, traducida a múltiples linguas e proposta no seu día ao Premio Nobel.

Mais se houbera que sinalar un momento auroral da gran tradición literaria ribadense sen dúbida este tería como protagonista a José María Alonso y Trelles, El Viejo Pancho (1857-1924), o máis importante dos cantores gauchos do Uruguai, nacido na rúa que hoxe leva o seu nome en Ribadeo e emigrado a América con apenas dezaoito anos.

A casa natal de El Viejo Pancho é hoxe sede do Centro de Estudos Iberoamericanos e atesoura a memoria deste ribadense exemplar, que se converteu nun mestre do xornalismo e un dos autores máis destacados das letras uruguaias, sobre todo mercé á publicación de *Paja brava* (1916), a súa obra máis referencial e un clásico da sociedade, costumes e sentires da cultura gaucha.

Por todas estas razóns, é para min moi grato como alcalde de Ribadeo saudar a aparición desta *Antoloxía poética* que escolma unha parte ben representativa do máis valioso da súa escrita.

En este sentido, quiero destacar la alegría que comporta poder ayudar a que esta obra vea la luz en colaboración tanto con la Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de la Xunta de Galicia como con entidades uruguayas como el Ministerio de Educación y Cultura, la Dirección Nacional de Cultura y el Instituto Nacional de Letras. Para el Concello de Ribadeo es motivo de profunda satisfacción sumarnos a la empresa para ver cómo los amigables lazos que unen a Uruguay y Galicia se sustentan a través de nuestra localidad y, sobre todo, gracias a la figura universal de José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho.

Considero que no hay mejor homenaje en este año en el que se alcanza el centenario del deceso del autor que la publicación de este volumen que estuvo al cuidado de uno de los mayores estudiosos de la vida y obra del escritor, el profesor Gustavo San Román, y que contó con la traducción al gallego de sus versos por parte de Daniel Chapela y Belén Senín. Gracias a su labor esta *Antología poética* de El Viejo Pancho quedará, ya para siempre, como una muestra indeleble de la genialidad de un ribadense que llevó su corazón gallego más allá del Atlántico para convertirse en el más genuino de los gauchos.

Daniel Vega Pérez
Alcalde del Concello de Ribadeo

Neste sentido, quero salientar a ledicia que comporta poder axudar a que esta obra vexa a luz en colaboración tanto coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia coma con entidades uruguaias como o Ministerio de Educación e Cultura, a Dirección Nacional de Cultura e mais o Instituto Nacional de Letras. Para o Concello de Ribadeo é motivo de fonda satisfacción sumarnos á empresa para ver como os amigables lazos que unen a Uruguai e Galicia se substancian a través da nosa localidade e, sobre todo, grazas á figura universal de José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho.

Coido que non hai mellor homenaxe neste ano no que se alcanza o centenario do pasamento do autor que a publicación deste volume que estivo ao coidado dun dos maiores estudosos da vida e obra do escritor, o profesor Gustavo San Román, e que contou coa tradución ao galego dos seus versos por parte de Daniel Chapela e Belén Senín. Grazas ao seu labor esta *Antoloxía poética* de El Viejo Pancho ha ficar, xa para sempre, como unha mostra indeleble da xenialidade dun ribadense que levou o seu corazón galego alén do Atlántico para converterse no máis xenuíno dos gauchos.

Daniel Vega Pérez
Alcalde do Concello de Ribadeo

PROFUNDAMENTE GALLEGO, PROFUNDAMENTE URUGUAYO

Pocas figuras más uruguayas que el gallego don José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho. Uruguayo por su combinación de lo cerca y lo lejos. Uruguayo por la síntesis creadora que fue capaz de construir a partir de su historia de desarraigo y reverdecimiento.

Los uruguayos (o los orientales, como nos gusta decir para conectar con una identidad anterior a la existencia jurídica del propio país) somos exactamente eso. A nuestras espaldas no hay grandes imperios precolombinos, ni lenguas autóctonas, ni continuidades étnicas. Pese a eso, y contra lo que pudiera creer quien no nos conozca, no somos solamente una amalgama de recién llegados. Desde inicios del siglo XVIII venimos construyendo una identidad que se nutre de muchas identidades. También venimos construyendo un modelo de convivencia (hecho de cercanía en el trato, radical igualitarismo y respeto a las reglas comunes) que ha terminado por convertirse en nuestra segunda piel.

En Alonso y Trelles ocurre un doble mestizaje que nos resulta muy reconocible. Primero, el del gallego oriundo de Ribadeo que se vuelve gaucho oriental. Segundo, el del hombre educado y leído que adopta el hablar criollo y se vuelve voz de su sensibilidad rústica y libertaria.

Lo del gallego que se vuelve gaucho está en la esencia misma de nuestro modo de ser americanos. El gaucho, esa figura fundacional y siempre vigente, no era una categoría étnica. Entre ellos había españoles de diferentes orígenes, criollos de varias generaciones, esclavos fugados o libertos, *tapes* guaraníes, *gringos* aclimatados, *pardos*, *mulatos*, *zambos*. Lo que los unía no eran los genes, sino una cultura también mezclada en la que convivían (y aún conviven) el mate de origen guaraní, el cuchillo flamenco, el sombrero andaluz, el poncho altiplánico y una manera muy hispana de enjaezar el caballo.

PROFUNDAMENTE GALEGO, PROFUNDAMENTE URUGUAIO

Poucas figuras máis uruguaias que o galego don José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho. Uruguaio pola súa combinación do próximo e o afastado. Uruguaio pola síntese creadora que foi capaz de construír a partir da súa historia de desarraigo e reverdecemento.

Os uruguaios (ou os orientais, como nos gusta dicir para conectar cunha identidade anterior á existencia xurídica do propio país) somos exactamente iso. Ás nosas costas non hai grandes imperios precolombianos, nin linguas autóctonas, nin continuidades étnicas. Pese a iso, e contra o que puidera crer quen non nos coñeza, non somos unicamente una amálgama de recén chegados. Desde inicios do século XVIII vimos construíndo unha identidade que se nutre de moitas identidades. Tamén vimos construíndo un modelo de convivencia (feito de proximidade no trato, radical igualitarismo e respecto ás regras comúns) que rematou por converterse na nosa segunda pel.

En Alonso y Trelles ocorre unha dobre mestizaxe que nos resulta moi recoñecible. Primeiro, a do galego oriúndo de Ribadeo que se converte en gaucho oriental. Segundo, a do home educado e lido que adopta o falar crioulo e se torna voz da súa sensibilidade rústica e libertaria.

A do galego que se converte en gaucho está na esencia mesma do noso modo de ser americanos. O gaucho, esa figura fundacional e sempre vixente, non era unha categoría étnica. Entre eles había españois de diferentes orixes, crioulos de varias xeracións, escravos fugados ou libertos, *tapes* guaranís, *gringos* aclimatados, *pardos*, *mulatos*, *zambos*. O que os unía non eran os xenes, senón unha cultura tamén mesturada na que convivían (e aínda conviven) o mate de orixe guaraní, o coitelo flamenco, o sombreiro andaluz, o poncho do altiplano e un xeito moi hispano de enfeitar o cabalo.

Lo del hombre educado que adopta la manera de hablar y la sensibilidad del gaucho es una senda cargada de significado y ya recorrida por otros. Como antecedentes pueden nombrarse los orientales Bartolomé Hidalgo (1788-1822) y Antonio Lussich (1848-1928), y el argentino José Hernández (1834-1886), autor del célebre *Martín Fierro*.

José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho, no es para nosotros un personaje excéntrico. Al contrario, es uno de los principales exponentes de una de las vetas que irrigan nuestra cultura. Por eso lo sentimos como muy propio. Tanto como seguramente lo sienten los gallegos. Ese es uno de los encantos de la 'uruguayidad': uno puede sentirse profundamente uruguayo al mismo tiempo que se siente profundamente gallego, andaluz, vasco, catalán, genovés, siciliano, afrodescendiente, judío, armenio, húngaro o escocés. Como dijo uno de nuestros más grandes políticos, los uruguayos somos "una comunidad espiritual".

Pablo da Silveira
Ministro de Educación y Cultura de Uruguay

A do home educado que adopta a maneira de falar e a sensibilidade do gaucho é unha senda cargada de significado e xa percorrida por outros. Como antecedentes poden amentarse os orientais Bartolomé Hidalgo (1788-1822) e Antonio Lussich (1848-1928), e o arxentino José Hernández (1834-1886), autor do célebre *Martín Fierro*.

José Alonso y Trelles, El Viejo Pancho, non é para nós un personaxe excéntrico. Ao contrario, é un dos principais expoñentes dunha das vetas que irrigan a nosa cultura. Por iso o sentimos como moi propio. Tanto como seguramente o senten os galegos. Ese é un dos encantos da 'uruguaidade': un pode sentirse profundamente uruguaio ao mesmo tempo que se sente profundamente galego, andaluz, vasco, catalán, xenovés, siciliano, afrodescendente, xudeu, armenio, húngaro ou escocés. Como dixo un dos nosos máis grandes políticos, os uruguaios somos "unha comunidade espiritual".

Pablo da Silveira
Ministro de Educación e Cultura do Uruguai

AGRADECIMIENTOS

El editor reitera su agradecimiento a las personas e instituciones nombradas en las ediciones de 1998 y de 2005 de las obras de Trelles, tanto en Galicia como en Uruguay, que apoyaron el trabajo original de investigación sobre José Alonso y Trelles.

Para la presente obra es un placer registrar el respaldo, en Galicia, del conselleiro de Cultura, Lengua y Juventud de la Xunta de Galicia, José López Campos, del alcalde de Ribadeo, Daniel Vega Pérez, de la concejala de Cultura, Begoña Sanjurjo, y de su predecesor en el puesto, Manolo Valín; y en Uruguay, el del coordinador del Instituto de Letras del Ministerio de Educación y Cultura, Nicolás der Agopián, y sus colegas Matías Núñez y Victoria Estol, del director de la Biblioteca Nacional de Uruguay, Valentín Trujillo, y del encargado de Archivos Literarios, Gastón Borges, como también el del cónsul uruguayo en Santiago de Compostela, el Dr. Ramiro Rodríguez Bausero.

Un reconocimiento especial merecen los encargados de las tareas de traducción y cuidado de la edición (gallegos) y de ilustración artística de poemas (uruguayos), cuyos nombres aparecen en la página de créditos y en la Introducción, y el excelente equipo de diseñadores, por su aportación para que este volumen sea un espléndido homenaje, desde sus dos patrias, en el centenario del deceso del poeta.

Gustavo San Román
St Andrews, abril de 2024

AGRADECEMENTOS

O editor reitera o seu agradecemento ás persoas e institucións nomeadas nas edicións de 1998 e de 2005 das obras de Trelles, tanto en Galicia como no Uruguai, que apoiaron o traballo orixinal de investigación sobre José Alonso y Trelles.

Para a presente obra é un pracer rexistrar o apoio, en Galicia, do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, José López Campos, do alcalde de Ribadeo, Daniel Vega Pérez, da concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, e do seu predecesor no posto, Manolo Valín; e no Uruguai, o do coordinador do Instituto de Letras do Ministerio de Educación e Cultura, Nicolás der Agopián, e os seus colegas Matías Núñez e Victoria Estol, do director da Biblioteca Nacional do Uruguai, Valentín Trujillo, e do encargado de Arquivos Literarios, Gastón Borges, como tamén o do cónsul uruguaio en Santiago de Compostela, o Dr. Ramiro Rodríguez Bausero.

Un recoñecemento especial merecen os encargados das tarefas de tradución e coidado da edición (galegos) e da ilustración artística de poemas (uruguaios), cuxos nomes aparecen na páxina de créditos e na Introdución, e o excelente equipo de deseñadores, pola súa achega para que este volume sexa unha espléndida homenaxe, dende as súas dúas patrias, no centenario do deceso do poeta.

Gustavo San Román

St Andrews, abril de 2024

INTRODUCCIÓN

INTRODUCIÓN

INTRODUCCIÓN

José María Alonso y Trelles Jarén,[1] quien solía firmar José A. y Trelles, nació en Ribadeo, Galicia, el 7 de mayo de 1857 y murió en Montevideo hace cien años, el 28 de julio de 1924, habiendo vivido dos tercios de su vida en la localidad de Tala, departamento de Canelones, Uruguay. Sus padres fueron Francisco Alonso Trelles, oriundo de la homónima aldea asturiana de San Juan de Trelles, situada a medio kilómetro de la ribera izquierda del río Navia y a unos 12 kilómetros de su desembocadura en el mar Cantábrico, y la ribadense Vicenta Jarén. El niño fue bautizado en la parroquia materna, y cuando rondaba los cinco años la familia se trasladó 30 kilómetros hasta Navia, donde el padre, maestro, asumió la dirección del colegio local. El adolescente Trelles regresó a su villa natal para hacer estudios mercantiles, y al terminarlos, sobre los 18 años, se sumó a la emigración gallega al Río de la Plata.[2] Pasó los primeros dos años en Chivilcoy, a 170 kilómetros al oeste de Buenos Aires, donde "para adormecer la 'morriña' hereditaria, se dio a los versos como hubiera podido darse a la bebida", y donde estuvo "vacilando entre irse a la Pampa en busca de Martín Fierro, o rendirse al yugo de la civilización", como cuenta en una sucinta y entretenida "Autobiografía".[3] Eligiendo la segunda opción, en 1877 cruzó el ancho río hacia otro pueblo rural que sería su hogar definitivo, el recientemente fundado Tala (1860), a 75 kilómetros al noreste de Montevideo.

Allí continuó con su tarea creadora, primero en un periódico local y luego en dos semanarios satíricos de factura casera, *El Tala Cómico* (1894-1898) y *Momentáneas* (1899-1900), que él mismo dirigió y del que era el principal colaborador, usando diferentes seudónimos. Escribió además un puñado de obras de teatro para el grupo de Aficionados del Tala. En 1882 se casó con Dolores Ricetto Asuaga, hija del dueño del comercio donde trabajaba, y al poco

1. Esta Introducción se inspira en parte en las de dos ediciones anteriores a mi cargo: *"Paja brava" e outras obras de José A. y Trelles* (1998) y José Alonso y Trelles ("El Viejo Pancho"), *Obras completas* (2005), cuyos datos aparecen en la Bibliografía. A ellas se remite al lector para una visión más detallada del contexto y la obra del autor.

2. Sobre la vida española de Trelles, ver los trabajos de Jesús Martínez Fernández y Dionisio Gamallo Fierros en la Bibliografía.

3. José A. y Trelles, "Autobiografía", texto incluido en sus *Obras completas*.

INTRODUCIÓN

José María Alonso y Trelles Jarén,[1] quen acostumaba asinar José A. y Trelles, naceu en Ribadeo, Galicia, o 7 de maio de 1857 e morreu en Montevideo hai cen anos, o 28 de xullo de 1924, vivindo dous terzos da súa vida na localidade de Tala, departamento de Canelones, Uruguai. Seus pais foron Francisco Alonso Trelles, oriúndo da homónima aldea asturiana de San Xuan de Trelles, situada a medio quilómetro da ribeira esquerda do río Navia e a uns 12 quilómetros da súa desembocadura no mar Cantábrico, e a ribadense Vicenta Jarén. O neno foi bautizado na parroquia materna, e cando abeiraba os cinco anos a familia trasladouse 30 quilómetros até Navia, onde o pai, mestre, asumiu a dirección do colexio local. O adolescente Trelles regresou á súa vila natal para cursar estudos mercantís e, ao rematalos, sobre os 18 anos, sumouse á emigración galega ao Río da Prata.[2] Pasou os primeiros dous anos en Chivilcoy, a 170 quilómetros ao oeste de Bos Aires, onde "para adurmiñar a 'morriña' hereditaria, deuse aos versos como podería darse á bebida" e onde estivo "vacilando entre ir á Pampa á procura de Martín Fierro, ou rendirse ao xugo da civilización", como conta na súa sucinta e entretida "Autobiografía".[3] Elixindo a segunda opción, en 1877 cruzou o ancho río cara a outro concello rural que sería o seu fogar definitivo, o recentemente fundado Tala (1860), a 75 quilómetros ao nordeste de Montevideo.

Alí continuou co seu labor creador, primeiro nun xornal local e logo en dous semanarios satíricos de feitura caseira, *El Tala Cómico* (1894-1898) e *Momentáneas* (1899-1900), que el mesmo dirixiu e do que era o principal colaborador baixo diferentes pseudónimos. Escribiu ademais un feixe de obras de teatro para o grupo de Afeccionados do Tala. En 1882 casou con Dolores Ricetto Asuaga, filla do dono do comercio onde traballaba, e ao pouco

1. Esta Introdución inspírase en parte nas das dúas edicións anteriores ao meu cargo: *"Paja brava" e outras obras de José A. y Trelles* (1998) e Jose Alonso y Trelles ("El Viejo Pancho"), *Obras completas* (2005), cuxos datos aparecen na Bibliografía. Remítese a elas ao lector para unha visión máis detallada do contexto e a obra do autor.

2. Sobre a vida española de Trelles, ver os traballos de Jesús Martínez Fernández e Dionisio Gamallo Fierros na Bibliografía.

3. José A. y Trelles, "Autobiografía", texto incluído nas súas *Obras completas*.

tiempo la pareja decidió probar suerte en la localidad de Sarandí Garupá, en el estado de Rio Grande do Sul, Brasil, donde el joven marido hizo de tenedor de libros en un establecimiento agropecuario. En 1887 retornaron a Tala y Trelles volvió a trabajar con su suegro, esta vez de socio, hasta que se fundió la tienda y optó por retomar los estudios para hacerse procurador. Ejercerá esta profesión durante el resto de su vida. El matrimonio tuvo ocho hijos, dos de los cuales murieron siendo niños. En 1902 Trelles asumió la nacionalidad uruguaya y en octubre de 1906 volvió a su tierra natal para visitar a su madre y hermanos, ahora residentes en Castropol, el pueblo que mira a Ribadeo desde la ribera opuesta de la ría, quedándose hasta fines de ese año.

Durante tres años, desde 1908 a 1910, Trelles ocupó una banca como diputado en la Cámara de Representantes, habiendo sido elegido primer suplente en las listas del Partido Blanco (uno de los dos tradicionales del país, junto con el Colorado). Su actuación parlamentaria fue sobria y dedicada sobre todo a dos áreas. Con respeto a la primera, fue miembro de comisiones sobre pensiones graciables a viudas y huérfanas de soldados servidores de la patria en guerras del siglo XIX. La segunda lo involucró en discusiones sobre asuntos que afectaban a la vida de los habitantes del interior del país, como la jurisdicción legal de las administraciones locales, cuestiones sobre límites de propiedades rurales, enajenación de terrenos por parte del Estado o las obligaciones de este frente a las invasiones de la langosta. También participó en un debate sobre derechos de autor. En sus últimos años vivió algún tiempo en Montevideo, y falleció en esa capital a causa de una septicemia, según declara su partida de defunción. Tenía 67 años.

Trelles se expresó creativamente mediante tres voces sucesivas: el romántico poeta castizo, que dominó sobre todo sus primeros intentos literarios; el periodista y animador cultural de su pueblo adoptivo, que tanto criticaba las negligencias de las autoridades como entretenía a los vecinos; y, a punto de cambiar el siglo y hasta sus últimos días, el poeta gauchesco que colaboró en revistas tradicionalistas de la época y cuya obra recogió en su libro mayor, *Paja brava (versos criollos)*, de 1916, que fue éxito popular y de crítica y que ha conservado su sitial en el género. Para esta voz, Trelles asumió el seudónimo por el que es mejor conocido hasta hoy: El Viejo Pancho.

tempo a parella decidiu probar sorte na localidade de Sarandí Garupá, no estado de Rio Grande do Sul, Brasil, onde o novel marido fixo de contable nun establecemento agropecuario. En 1887 retornaron a Tala e Trelles volveu traballar co seu sogro, esta vez como socio, até que quebrou a tenda e optou por retomar os estudos para facerse procurador. Exercerá esta profesión o resto da súa vida. O matrimonio tivo oito fillos, dous dos cales morreron sendo nenos. En 1902 Trelles asumiu a nacionalidade uruguaia e en outubro de 1906 volveu á súa terra natal para visitar a súa nai e irmáns, agora residentes en Castropol, a vila que mira cara a Ribadeo desde a ribeira oposta da ría, quedando até finais dese ano.

Durante tres anos, desde 1908 a 1910, Trelles ocupou un escano como deputado na Cámara de Representantes, ao ser elixido primeiro suplente nas listas do Partido Branco (un dos dous tradicionais do Estado, xunto co Colorado). A súa actuación parlamentaria foi sobria e dedicada sobre todo a dúas áreas. Con respecto á primeira, foi membro de comisións sobre pensións graciables a viúvas e orfas de soldados servidores da patria en guerras do século XIX. A segunda involucrouno en discusións sobre asuntos que afectaban á vida dos habitantes do interior do país, como a xurisdición legal das administracións locais, cuestións sobre os límites de propiedades rurais, alleamento de terreos por parte do Estado ou as obrigas deste fronte ás invasións da lagosta. Tamén participou nun debate sobre dereitos de autor. Nos seus últimos anos viviu algún tempo en Montevideo, e faleceu nesa capital a causa dunha sepsia, segundo declara o seu certificado de defunción. Tiña 67 anos.

Trelles expresouse creativamente mediante tres voces sucesivas: o romántico poeta enxebre, que dominou sobre todo os seus primeiros intentos literarios; o xornalista e animador da súa vila adoptiva, que tanto criticaba as neglixencias das autoridades como entretiña os veciños; e, a piques de cambiar o século e até os seus derradeiros días, o poeta gauchesco que colaborou en revistas tradicionalistas da época e cuxa obra recolleu no seu libro capital, *Paja brava (versos criollos)*, de 1916, que foi éxito popular e de crítica e que conservou o seu sitial no xénero. Para esta voz, Trelles asumiu o pseudónimo polo que é mellor coñecido até hoxe: El Viejo Pancho.

Ese mote gauchesco pudo quizás en parte rememorar el nombre de su padre (Francisco), pero también hacer eco de un personaje de la zona de Tala, quien representaba los valores asociados con el gaucho tradicional en un período de transición. Así lo sugieren tanto su biógrafo Juan Carlos Sabat Pebet, sucintamente, como con más detalle Nelson Sica Dell' Isola, quien relata lo que su amigo, el guitarrista folclórico Hilario Pérez Baldovino, escuchó a su vez de uno de los hijos del poeta: "ese 'Viejo Pancho' era un vecino de mucha edad, que vivía en un rancho a unos siete kilómetros de El Tala, donde concurría Alonso y Trelles en *sulky* a inspirarse para redactar muchas de esas poesías. Y ese personaje está fielmente retratado en el tema titulado 'Misterio'".[4]

En cuanto al título de la obra principal de Trelles, proviene de una planta silvestre que define así el *Diccionario del español del Uruguay* de la Academia Nacional de Letras, en su segunda acepción: "Paja de hojas acanaladas en la parte inferior, con borde cortante y áspero, de hasta 2m de largo; florece en panojas plumosas de escasa densidad; forma pajonales en suelos anegadizos y en bañados; se emplea en la construcción de quinchados [techos]. Poaceae: *Panicum prionitis*". Por su parte, el mismo poeta explica su elección en una carta a su hermana Carmen, citada por Dionisio Gamallo Fierros, estudioso ribadense de Trelles:

> *paja brava* es el nombre de una especie de junco chato con el que techan sus ranchos o chozas los habitantes del campo. Tu dirás ¿y por qué llamas así a tus versos? Pues porque son criollos como el vegetal aquel, llamado también *totora* o *paja totora*, criollos e insignificantes. Dicen que di en el clavo al hacerlos. Puede que sí.[5]

*

La obra de El Viejo Pancho tiene un contexto histórico y literario específico. El primero es la vida

4. Sabat Pebet, *El cantor del Tala*, p. 24, n. 3 (ver Bibliografía por esta y otras referencias abreviadas); Nelson Sica Dell' Isola, *El tango, el boxeo y... Gardel* (Montevideo: Academia del Tango del Uruguay, 2009), p. 259.

5. Cito de mi trabajo "La crítica de Dionisio Gamallo Fierros sobre El Viejo Pancho", en *Os vínculos culturais Galicia-Uruguay*, p. 74.

Ese alcume gauchesco puido quizais en parte rememorar o nome do seu pai (Francisco), pero tamén facer eco dun personaxe da zona de Tala, quen representaba os valores asociados co gaucho tradicional nun período de transición. Así o suxiren tanto o seu biógrafo Juan Carlos Sabat Pebet, sucintamente, como con máis detalle Nelson Sica Dell' Isola, quen relata o que o seu amigo, o guitarrista folclórico Hilario Pérez Baldovino, escoitou á súa vez dun dos fillos do poeta: "ese 'Viejo Pancho' era un veciño de moita idade, que vivía nun rancho a uns sete quilómetros de El Tala, a onde ía Alonso y Trelles en *sulky* a inspirarse para redactar moitas desas poesías. E ese personaxe está fielmente retratado no tema titulado 'Misterio'".[4] [5]

En canto ao título da obra principal de Trelles, provén dunha planta silvestre que define así o *Diccionario del español del Uruguay* da Academia Nacional de Letras, na súa segunda acepción: "Palla de follas acanaladas na parte inferior, con borde cortante e áspero, de até 2m de longo; florece en mazarocas plumosas de escasa densidade; forma herbeiras en chans anegadizos e en lamacentos; emprégase na construción de teitos de xunco. Poaceae: *Panicum prionitis*". Pola súa parte, o mesmo poeta explica a súa elección nunha carta a súa irmá Carmen, citada por Dionisio Gamallo Fierros, estudoso ribadense de Trelles:

> *palla brava* é o nome dunha sorte de xunco chato co que teitan os seus ranchos ou chozas os habitantes do campo. Dirás, e por que chamas así os teus versos? Pois porque son crioulos coma o vexetal aquel, chamado tamén *totora* ou *palla totora*, crioulos e insignificantes. Din que din no tempero ao facelos. Pode que si.[6] [7]

*

A obra de El Viejo Pancho ten un contexto histórico e literario específico. O primeiro é a vida

4. Sabat Pebet, *El cantor del Tala*, p. 24, n. 3 (ver Bibliografía por esta e outras referencias abreviadas); Nelson Sica Dell' Isola, *El tango, el boxeo y... Gardel* (Montevideo: Academia del Tango del Uruguay, 2009), p. 259.

5. Tradución ao galego desde o orixinal.

6. Cito do meu traballo "La crítica de Dionisio Gamallo Fierros sobre El Viejo Pancho", en *Os vínculos culturais Galicia-Uruguay*, p. 74.

7. Id. nota 5.

del gaucho en momentos de la modernización del campo rioplatense. Este tipo autóctono fue al principio habitante relativamente nómada de un mundo rural sin alambrados; luego, durante distintos períodos del siglo XIX, fue seguidor de caudillos que lucharon primero por la independencia contra colonizadores españoles e invasores portugueses, y más tarde en conflictos civiles que en Uruguay vieron nacer las divisas de los dos partidos tradicionales, los Blancos (generalmente conservadores y nacionalistas, de mayor arraigo rural) y los Colorados (generalmente liberales y asociados sobre todo con la capital). La última de estas confrontaciones tuvo lugar, en dos grandes momentos, alrededor de 1900, resolviéndose por fin en 1904.

En la época en que surge a la escena El Viejo Pancho, el trabajo típico del gaucho era de jornalero en estancias ganaderas donde hacía alarde de sus destrezas con caballos, vacunos y ovinos. Pero en ciertas zonas como Canelones, y precisamente en la época en que llegó Trelles, las tareas tradicionales del gaucho empezaban a ceder espacio a nuevas maneras de ganarse la vida, menos agresivas y masculinas: las de la agricultura, que pasaba a ser el dominio de la nueva inmigración a la zona, consistente mayoritariamente en colonos de las Islas Canarias.

El género literario que acompañó al gaucho, donde se expresaba la manera de hablar y los valores de los paisanos, también se fue adecuando al contexto histórico. La poesía original del montevideano Bartolomé Hidalgo (1788-1822) y otros cantores de la revolución a principios del siglo XIX dio paso primero a la época dorada de la gauchesca, que produjo *El gaucho Martín Fierro* (1872-1879) en Argentina y *Los tres gauchos orientales* (1872) en Uruguay, y más tarde, en las postrimerías del siglo, a los versos de ciudadanos intelectuales incómodos frente a la modernización y la inmigración de agricultores en el campo. En este período surgieron sociedades y revistas tradicionalistas que reivindicaban nostálgicamente los viejos tiempos. Fue en la pionera de estas revistas, *El Fogón* (1895-1913), donde se dieron a conocer por primera vez los versos de El Viejo Pancho.

La poesía de este nuevo colaborador no se quedó en mero ejercicio retórico, como la de la mayoría de sus contemporáneos (entre quienes había otros 'viejos') en ese y similares órganos,

do gaucho en momentos da modernización do campo platense. Este tipo autóctono foi ao comezo habitante relativamente nómade dun mundo rural sen aramados; logo, durante distintos períodos do século XIX, foi seguidor de caudillos que loitaron primeiro pola independencia contra colonizadores españois e invasores portugueses, e máis tarde en conflitos civís que no Uruguai viron nacer as divisas dos dous partidos tradicionais, os Brancos (xeralmente conservadores e nacionalistas, de maior arraigamento rural) e os Colorados (maiormente liberais e asociados sobre todo coa capital). A última destas confrontacións tivo lugar, en dous grandes momentos, ao redor de 1900, resolvéndose por fin en 1904.

Na época na que aparece en escena El Viejo Pancho, o traballo típico do gaucho era de xornaleiro en estancias gandeiras onde se gababa das súas destrezas con cabalos, vacúns e ovinos. Pero en certas zonas como Canelones, e precisamente na época en que chegou Trelles, as tarefas tradicionais do gaucho comezaban a ceder espazo aos novos xeitos de se gañar a vida, menos agresivas e masculinas: as da agricultura, que pasaba a ser o dominio da nova inmigración á zona, consistente maioritariamente en colonos das Illas Canarias.

O xénero literario que acompañou ao gaucho, onde se expresaba o xeito de falar e os valores dos paisanos, tamén se foi adecuando ao contexto histórico. A poesía orixinal do montevideano Bartolomé Hidalgo (1788-1822) e outros cantores da revolución a principios do século XIX deu paso primeiro á época dourada da gauchesca, que produciu *El gaucho Martín Fierro* (1872-1879) na Arxentina e *Los tres gauchos orientales* (1872) no Uruguai, e máis tarde, na fin do século, aos versos de cidadáns intelectuais incómodos fronte á modernización e á inmigración de agricultores no campo. Neste período xurdiron sociedades e revistas tradicionalistas que reivindicaban nostalxicamente os vellos tempos. Foi na pioneira destas revistas, *El Fogón* (1895-1913), onde se deron a coñecer por vez primeira os versos de El Viejo Pancho.

A poesía deste novo colaborador non quedou nun simple exercicio retórico, como a da maioría dos seus contemporáneos (entre os que había outros 'viejos') nese e en órganos similares,

sino que se expresó con una densidad subjetiva que conquistó tanto al público lector como a la crítica especializada. Él mismo reconoce esa dimensión sensitiva en su prólogo al libro, "De la portera", cuando afirma con ironía (pues sabe que no fue el caso) que "a los críticos más ilustrados y sesudos *suele atravesárseles en la garganta*" y que "solo la miran con simpatía los que por la intensidad del amor al terruño hallan bueno cuanto él produce". Y agrega que "considerados literariamente, no valen nada", pero que se salvan por "el granito de emoción con que pudo haberlo dotado mi sensibilidad exaltada".

Estos juicios propios sobre la obra de El Viejo Pancho son consistentes con la apreciación de otros practicantes de la poesía campesina, también como él respetados por la crítica y queridos por los lectores, y de ellos seleccionamos dos. El primero en el tiempo es Fernán Silva Valdés (1887-1975), otro poeta interesado en el campo (y también la ciudad), pero que renovó el género inspirado por los nuevos cánones de la vanguardia e introdujo el nativismo, movimiento estético que fundió lo local y lo universal mediante un lenguaje ya no dialectal. En el uso de la metáfora, que es una de las herramientas clave del nativismo, El Viejo Pancho apuntaba en su obra tardía hacia esa nueva estética –aunque lo hacía en lenguaje gaucho–. Silva Valdés le dedicó unas décimas a su predecesor –y lo hizo, como parte del homenaje, "al uso gauchesco"– que terminan con esta apreciación que denota el vínculo profundo de la obra con su ambiente: "Viejo Pancho, estás en todo / y yo te canto por eso; / estás en el lao del güeso / de sabor como no hay otro; / en el corcovo del potro, / en la luz de la luz mala, / en las espinas del tala, / en las trenzas de mi china: / y en la palabra argentina, / y en la palabra orientala".[6]

El segundo colega de letras, Serafín J. García (1905-1985), expresa su admiración por El Viejo Pancho en el prólogo a la edición de *Paja brava* de una biblioteca de clásicos uruguayos (1954). Luego de recorrer sucintamente el origen y el auge de la poesía gauchesca, dice García de la obra de la mayoría de los colaboradores de *El Fogón* que se limitó a describir una "objetividad pintoresca" que evitaba adentrarse en el "meollo íntimo" de la vida rural del país.

6. Fernán Silva Valdés, "Décimas al Viejo Pancho (Al modo gauchesco)".

senón que se expresou cunha densidade subxectiva que conquistou tanto ao público lector como á crítica especializada. El mesmo recoñece esa dimensión sensitiva no seu prólogo ao libro, "De la portera", cando afirma con ironía (pois sabe que non foi o caso) que "aos críticos máis ilustrados e sisudos *adoita atravesárselles na gorxa*" e que "só a miran con simpatía os que pola intensidade do amor á terriña atopan bo canto el produce". E engade que "considerados literariamente, non valen nada", pero que se salvan polo "gran de emoción co que puido dotalo a miña sensibilidade exaltada".[8]

Estes xuízos propios sobre a obra de El Viejo Pancho son consistentes coa apreciación doutros practicantes da poesía campesiña, tamén como el respectados pola crítica e queridos polos lectores, e deles seleccionamos dous. O primeiro no tempo é Fernán Silva Valdés (1887-1975), outro poeta interesado no campo (e tamén na cidade), pero que renovou o xénero inspirado polos novos canons da vangarda e introduciu o nativismo, movemento estético que fundiu o local e o universal mediante unha linguaxe xa non dialectal. No uso da metáfora, que é unha das ferramentas chave do nativismo, El Viejo Pancho apuntaba na súa obra tardía cara a esa nova estética –aínda que o facía en linguaxe gaucha–. Silvia Valdés dedicoulle unhas décimas ao seu predecesor –e fíxoo, como parte da homenaxe, "ao estilo gauchesco"– que rematan con esta apreciación que denota o vínculo profundo da obra co seu ambiente: "Viejo Pancho, estás en todo / e eu por iso che canto; / estás no lado do tarso / de sabor como non hai outro; / no corcovo do poldro, / na luz da luz mala, / nas espiñas do *tala,* / nas trenzas da miña *china*: / e na palabra arxentina, / e na palabra orientala".[9]

O segundo colega de letras, Serafín J. García (1905-1985), expresa a súa admiración por El Viejo Pancho no prólogo á edición de *Paja brava* dunha biblioteca de clásicos uruguaios (1954). Logo de percorrer brevemente a orixe e o auxe da poesía gauchesca, García dixo da obra da maioría dos colaboradores de *El Fogón* que se limitou a describir unha "obxectividade pintoresca" que evitaba adentrarse na "cerna íntima" da vida rural do país.

8. Id. nota 5.

9. Fernán Silva Valdés, "Décimas al Viejo Pancho (Al modo gauchesco)".

El Viejo Pancho, en cambio, fue la voz que sí exploró esa subjetividad del hombre campesino, y lo hizo utilizando nuevos y viejos ritmos para trasmitir "las simples palabras cotidianas del gaucho –pero encendidas ahora por el destello cálido y vivo de su corazón"–. García se enfoca luego en el tema principal de la obra: el amor traicionado, que le parece coherente con una morriña gallega, y que nadie había expresado antes "en la máscula y ruda lengua criolla". Para el prologuista, la tendencia nostálgica de Trelles es la clave de su personalidad, y el ambiente del mundo rural uruguayo, donde el gaucho arisco y rebelde de otrora ya no existía, alimentó su natural predisposición. El Canelones en que se asentó el bardo gallego pronto se hizo mayoritariamente agricultor, y por ello "lo específicamente gauchesco no existía ya, era pasado, leyenda, y por lo tanto poesía".[7] Para García, este proceso se ve con meridiana claridad en uno de los poemas que hemos elegido para la antología, "Volver p' atrás".

Pasamos ahora a justificar la selección de los poemas que ofrecemos en el presente volumen.

*

En una interesante entrevista con Manuel Benavente en cinco momentos de sus últimos años, Trelles hizo algunas declaraciones dignas de tener en cuenta al evaluar su obra poética. En la primera ocasión, en 1915 y pocos meses antes de publicarse su única colección, *Paja brava*, dice que le hubiera gustado ser reconocido por su poesía culta, la de "mester de clerecía", y que le tomó por sorpresa el éxito de su voz popular, la de "mester de juglaría"; al final, sin embargo, quedó conforme con ese papel: "El público tenía razón. He dado el gran salto. Nací en Galicia para ser cantor del campo uruguayo". La segunda aseveración es que ese amor infeliz que habita testarudamente su poesía gauchesca no tiene base alguna en la realidad, y que fue inventado por motivos estéticos: "los hijos de Apolo tenemos el divino privilegio de vivir muchas vidas"; más tarde, pocos meses antes de su muerte y consciente de que algunos le han reprochado que ese "amor quejumbroso" no parece apropiado al gaucho, se mantiene en sus trece: "Pero... ¡es el resto de romanticismo que queda en mí! Me duele que quieran quitármelo".

7. Serafín J. García, prólogo a *Paja brava* (1954), pp. x-xii, xvii y *passim*.

El Viejo Pancho, en cambio, foi a voz que si que explorou esa subxectividade do home campesiño, e fíxoo empregando novos e vellos ritmos para transmitir "as simples palabras cotiás do gaucho –pero acendidas agora polo escintileo cálido e vivo do seu corazón"–. García enfócase despois no tema principal da obra: o amor traizoado, que lle parece coherente cunha morriña galega, e que ninguén expresara antes "na varonil e ruda lingua crioula" . Para o prologuista, a tendencia nostálxica de Trelles é a chave da súa personalidade, e o ambiente do mundo rural uruguaio, onde o gaucho arisco e rebelde de antano xa non existía, alimentou a súa natural predisposición. O Canelones en que se asentou o bardo galego pronto se fixo maioritariamente agricultor, e por iso "o especificamente gauchesco non existía xa, era pasado, lenda, e polo tanto poesía".[10] Para García, este proceso obsérvase con meridiana claridade nun dos poemas que eliximos para a antoloxía, "Volver pr'atrás".

Pasamos agora a xustificar a selección dos poemas que ofrecemos no presente volume.

*

Nunha interesante entrevista con Manuel Benavente en cinco momentos dos seus derradeiros anos, Trelles fixo algunhas declaracións dignas de ter en conta ao avaliar a súa obra poética. Na primeira ocasión, en 1915 e poucos meses antes de publicarse a súa única colección, *Paja brava*, di que lle gustaría ser recoñecido pola súa poesía culta, a de "mester de clerecía", e que lle sorprendeu o éxito da súa voz popular, a de "mester de xograría"; ao final, porén, quedou conforme con ese papel: "O público tiña razón. Din o gran salto. Nacín en Galicia para ser cantor do campo uruguaio". A segunda aseveración é que ese amor infeliz que habita testudamente a súa poesía gauchesca non ten base algunha na realidade, e que foi inventado por motivos estéticos: "Os fillos de Apolo temos o privilexio divino de vivir moitas vidas"; máis tarde, poucos meses antes da súa morte e consciente de que algúns lle reprocharon que ese "amor queixoso" non semella axeitado para o gaucho, segue coa teima: "Pero... é o resto de romanticismo que queda en min! Dóeme que queiran quitarmo".

10. Serafín J. García, prólogo a *Paja brava* (1954), pp. x-xii, xvii e *passim*.

Y en tercer lugar, habla del destino de su obra, expresando que "La güeya" fue "lo mejor que he hecho", y que, "pese al generoso entusiasmo de muchos", solo "ocho o diez" de sus composiciones le sobrevivirán y a las otras se las "llevará el viento".[8] Por su parte, Alberto Zum Felde, el máximo crítico literario de su época, emitió un juicio similar: "Una selección severa, tal como corresponde, podría apartar del libro hasta una docena de composiciones plenamente admirables. No es necesario más, tampoco, para consagrar la personalidad de un poeta".[9]

Aquí hemos sido algo más generosos, subiendo el número de textos elegidos a veinticinco –de un total de más de ochenta–, con el fin de dar una idea cabal de la variedad estilística e intensidad emotiva de su obra poética, y conservando los mejores ejemplos de sus temas principales: el amor constante pero imposible, la nostalgia por los tiempos idos, el alivio que da la bebida a las penas, y la melancolía de la vejez.

Los poemas aparecen numerados y en orden cronológico (exacto o, en un par de casos, estimado). La mayoría son del género gauchesco, que Trelles firmó con el seudónimo El Viejo Pancho, y pertenecen todos estos, menos el último, a *Paja brava*. Este poemario de 1916 tuvo dos reediciones aumentadas en vida del autor, y una veintena en total hasta las *Obras completas*.

La antología comienza con dos poemas tempranos de Trelles (así firmados en los manuscritos autógrafos que tenemos), escritos en castellano tradicional e inéditos cuando salieron las *Obras completas*. Se justifica su presencia aquí porque exhiben un lado poco conocido del consagrado poeta gauchesco, y además por su interés autobiográfico, ya que fueron inspirados por su novia y futura esposa, Dolores "Lola" Ricetto.

"A una cortina (trova)", que abre la antología, se publica aquí por primera vez. Pertenece al acervo del Archivo José Alonso y Trelles de la Biblioteca Nacional de Uruguay, y aunque no lleva fecha es seguramente coetáneo del segundo, pues expresa el deseo del poeta por atisbar a su novia –a quien nombra en la última estrofa– en la ventana de su aposento.

8. Manuel Benavente, "El gran salto de El Viejo Pancho".

9. Alberto Zum Felde, *Proceso intelectual del Uruguay*, tomo III, p. 158.

E en terceiro lugar, fala do destino da súa obra, expresando que "A pegada" foi "o mellor que fixen", e que, "a pesar do xeneroso entusiasmo de moitos", só "oito ou dez" das súas composicións lle sobrevivirán e as outras "marcharán co vento".[11] Pola súa parte, Alberto Zum Felde, o máximo crítico literario da súa época, emitiu un xuízo similar: "Unha selección severa, tal e como corresponde, podería apartar do libro até unha ducia de composicións plenamente admirables. Non é preciso máis, tampouco, para consagrar a personalidade dun poeta".[12]

Aquí fomos máis xenerosos, subindo o número de textos elixidos a vinte e cinco –dun total de máis de oitenta–, co fin de dar unha idea cabal da variedade estilística e intensidade emotiva da súa obra poética, e conservando os mellores exemplos dos seus temas principais: o amor constante pero imposible, a nostalxia polos tempos idos, o alivio que dá a bebida ás penas, e a melancolía da vellez.

Os poemas aparecen numerados e en orde cronolóxica (exacto ou, nun par de casos, estimado). A maioría son de xénero gauchesco, que Trelles firmou co pseudónimo El Viejo Pancho, e pertencen todos estes, menos o derradeiro, a *Paja brava*. Este poemario de 1916 tivo dúas reedicións aumentadas na vida do autor, e unha vintena en total até as *Obras completas*.

A antoloxía comeza cos dous poemas temperáns de Trelles (así asinados en dous manuscritos autógrafos que temos), escritos en castelán tradicional e inéditos cando saíron as *Obras completas*. Xustifícase a súa presenza aquí porque exhiben un lado pouco coñecido do consagrado poeta gauchesco, e ademais polo seu interese autobiográfico, xa que foron inspirados pola súa moza e futura esposa, Dolores "Lola" Ricetto.

"A unha cortina (troba)", que abre a antoloxía, publícase aquí por vez primeira. Pertence ao acervo do Arquivo José Alonso y Trelles da Biblioteca Nacional do Uruguai, e aínda que non ten data é seguramente contemporáneo do segundo, pois expresa o desexo do poeta por albiscar a súa moza –a quen nomea na última estrofa– na fiestra do seu apousento.

11. Manuel Benavente, "El gran salto de El Viejo Pancho".
12. Alberto Zum Felde, *Proceso intelectual del Uruguay*, tomo III, p. 158.

La longitud y complejidad de las frases, y algunas ambigüedades en la puntuación, sugieren que se trata de un ejercicio de experimentación por parte del bardo en ciernes e indican la influencia de la poesía castellana del Siglo de Oro. El segundo, "Pensando en ti, Lola", es una oda romántica fechada en abril de 1880, cuando Trelles estaba a punto de cumplir 23 años. Como en el poema anterior, demuestra una temprana capacidad técnica de composición, en este caso al manejar tres formas de verso (decasílabo, dodecasílabo y heptasílabo) distribuidas en una cuidadosa estructura que se reitera en tres partes. También, como en "A una cortina", la trama expresa tres momentos de la experiencia de devoción a la amante: antes, acecharla para enfocar su amor; ahora, soñar con ella por la noche y cavilar y observarla durante el día. El manuscrito ológrafo, luego de ser restaurado en la Biblioteca Nacional de Uruguay, fue depositado en la Biblioteca Municipal de Ribadeo El Viejo Pancho, por donación de Francisco "Paco" Trelles, nieto del poeta, en 2007.[10] Fue fotografiado por quien esto escribe en ese año y publicado en facsímil y en transcripción en el libro de actas del congreso internacional que tuvo lugar en la villa natal del poeta ese año: *Os vínculos culturais Galicia-Uruguay* (2010; hay versión digital dispoñible). Por su interés documental, lo volvemos a incluir aquí.

Estos dos poemas de juventud sirven además de contrapeso verídico a la fantástica presencia de la mujer desleal que pulula en la poesía de El Viejo Pancho, pues el matrimonio de Trelles duró felizmente hasta su muerte y tuvo fecunda progenie.

Los textos gauchescos seleccionados combinan varias características. El primero, "Resolución", marcó la entrada del seudónimo en *El Fogón*, una de las dos revistas tradicionalistas para las que contribuyó asiduamente. Es también declaración inaugural y fulminante de ese amor problemático de su 'china', que tanto padece el personaje poético, y del peculiar acto de venganza que llevó a cabo el gaucho: el cortarle la trenza a su amada para prenderla a la cola del caballo. En la misma línea temática,

10. Blanca Díaz, "El legado de El Viejo Pancho, a Ribadeo", *La Voz de Galicia*, "A Mariña", 18 de septiembre de 2007. Versión digital en internet.

A lonxitude e complexidade das frases, e algunhas ambigüidades na puntuación, suxiren que se trata dun exercicio de experimentación por parte do bardo en ascenso e indican a influencia da poesía castelá do Século de Ouro. O segundo, "Pensando en ti, Lola", é unha oda romántica datada en abril de 1880, cando Trelles estaba a piques de cumprir 23 anos. Como no poema anterior, demostra unha temperá capacidade técnica de composición, neste caso ao manexar tres formas de verso (decasílabo, dodecasílabo e heptasílabo) distribuídas nunha estrutura coidadosa que se reitera en tres partes. Tamén, como en "A unha cortina", a trama expresa tres momentos da experiencia de devoción á amante: antes, axexala para enfocar o seu amor; agora, soñar con ela pola noite e cavilar e observala durante o día. O manuscrito autógrafo, logo de ser restaurado na Biblioteca Nacional do Uruguai, foi depositado na Biblioteca Municipal de Ribadeo El Viejo Pancho, por doazón de Francisco "Paco" Trelles, neto do poeta, en 2007.[13] Foi fotografado por quen isto escribe nese ano e publicado en edición facsimilar e en transcrición no libro de actas do congreso internacional que tivo lugar na vila natal do poeta ese ano: *Os vínculos culturais Galicia-Uruguay* (2010; hai versión dixital dispoñible). Polo seu interese documental, volverémolo incluír aquí.

Estes dous poemas de xuventude serven ademais de contrapeso verídico á fantástica presenza da muller desleal que pulula na poesía de El Viejo Pancho, pois o matrimonio de Trelles durou felizmente até a súa morte e tivo fecunda proxenie.

Os textos gauchescos seleccionados combinan varias características. O primeiro, "Resolución", marcou a entrada do pseudónimo en *El Fogón*, unha das dúas revistas tradicionalistas para as que contribuíu asiduamente. É tamén declaración inaugural e fulminante dese amor problemático da súa *china*[14], que tanto padece o personaxe poético, e do peculiar acto de vinganza que realizou o gaucho: cortarlle a trenza á súa amada para prenderlla á cola do cabalo. Na mesma liña temática,

13. Blanca Díaz, "El legado de El Viejo Pancho a Ribadeo", *La Voz de Galicia*, "A Mariña", 18 de setembro de 2007. Versión dixital en Internet.

14. *China*, *chiniya*: muller do gaucho.

"La güeya", sin duda uno de los textos más eficaces y populares del autor (y el segundo publicado en *El Fogón*), cuenta la dramática experiencia de descubrir que su compañera lo ha engañado con otro. "Desencanto – ¡A volar!..." introduce otro tema típico del gaucho reacio al cambio: el efecto de la modernización y el crecimiento de la agricultura en un espacio de ganadería extensiva, en este caso mediante la llegada de inmigrantes canarios al departamento de Canelones, quienes son objeto de crítica y burla en otros textos. El gaucho extraña las formas tradicionales de existencia y, rechazando lo nuevo, decide "volar".

Siguen dos composiciones típicas del Río de la Plata que demuestran la integración de Trelles en su nuevo ambiente. La primera es "Vidalitas", que expresa una forma tradicional cuya estructura define así el eminente musicólogo uruguayo Lauro Ayestarán: "su estrofa consta de seis versos y proviene de una copla [h]exasílaba [de seis sílabas] a la que se le han intercalado dos estribillos de cinco sílabas entre el primero y segundo versos y entre el tercero y cuarto".[11] Para lograr ese verso pentasílabo, se pronuncia el estribillo con un acento en la última sílaba: "vidalitá". La segunda, "Versos de pericón", es recreación del diálogo entre el caballero (C) y la Señorita (S) en que él trata de enamorarla, y ella le responde con pícaro desdén, durante el baile típico del medio rural ("nuestra danza nacional por antonomasia", lo llama Ayestarán).

Hemos elegido también uno de los textos de la payada, o diálogo poético (generalmente cantado y acompañado de la guitarra), que tuvo lugar en *El Fogón* entre fines de setiembre de 1899 y principios de enero de 1900, haciendo uso de la tradicional forma de la décima. El Viejo Pancho inspiró la contienda con un texto dedicado a sus "maestros", los redactores del semanario, al que respondió Calisto el Ñato, seudónimo del poeta criollista Alcides De María (1858-1908), cofundador y codirector de *El Fogón*. Los cuatro poemas de El Viejo Pancho aparecieron luego en *Paja brava*, y todos ellos más las sendas respuestas de Calisto se pueden encontrar en las *Obras completas*. "Lamentos" es la cuarta y última contribución de nuestro poeta al

11. *El folklore musical uruguayo*, p. 129.

"A pegada", sen dúbida un dos textos máis eficaces e populares do autor (e o segundo publicado en *El Fogón*), conta a dramática experiencia de descubrir que a súa parella o enganara con outro. "Desencanto – A voar!..." introduce outro tema típico do gaucho remiso ao cambio: o efecto da modernización e o crecemento da agricultura nun espazo de gandaría extensiva, neste caso mediante a chegada de inmigrantes canarios ao departamento de Canelones, quen son obxecto de crítica e burla noutros textos. O gaucho estraña as formas tradicionais de existencia e, rexeitando o novo, decide "voar".

Seguen dúas composicións típicas do Río da Prata que demostran a integración de Trelles no seu novo ambiente. A primeira é "Vidalitas", que expresa unha forma tradicional cuxa estrutura define así o eminente musicólogo uruguaio Lauro Ayestarán: "A súa estrofa consta de seis versos e provén dunha copla [h]exasílaba [de seis sílabas] á que se lle intercalaron dous retrousos de cinco sílabas entre o primeiro e o segundo verso e entre o terceiro e o cuarto".[15] Para lograr ese verso pentasílabo, pronúnciase o retrouso cun acento na última sílaba "*vidalitá*". A segunda, "Versos de *pericón*", é recreación do diálogo entre o cabaleiro (C) e a Señorita (S) no que trata de namorala, e ela respóndelle con pícaro desdén, durante o baile típico do medio rural ("a nosa danza nacional por antonomasia", chámalle Ayestarán).

Eliximos tamén un dos textos da *payada*, ou diálogo poético (xeralmente cantado e acompañado da guitarra), que tivo lugar en *El Fógon* entre finais de setembro de 1899 e comezos de xaneiro de 1900, facendo uso da tradicional forma da décima. El Viejo Pancho inspirou a regueifa cun texto dedicado aos seus "mestres", os redactores do semanario, ao que respondeu Calisto el Ñato, pseudónimo do poeta crioulista Alcides de María (1858-1908), cofundador e codirector de *El Fogón*. Os catro poemas de El Viejo Pancho apareceron despois en *Paja brava*, e todos eles máis cadansúas respostas de Calisto pódense atopar nas *Obras completas*. "Lamentos" é a cuarta e última contribución do noso poeta ao

15. *El folklore musical uruguayo*, p. 129.

intercambio, y se justifica su presencia aquí porque en él reafirma su visión del amor que prefiere, o sea, el que "no es recompensado". La payada inspiró a uno de los artistas del semanario a hacer un dibujo de los dos gauchos tomando mate delante de un rancho, que incluimos aquí, y el poema comienza felicitándolo por la calidad y realismo de los retratos.

El tema del amor perdido continúa en "Cosas de viejo...", escrito en alejandrinos y heptasílabos, en que el gaucho ya veterano intenta justificar su habitual melancolía a una china joven que lo interroga mientras le está cebando mate. "Tú eres la sola" es uno de dos poemas dedicados a la guitarra, que es el instrumento por excelencia del gaucho cantor, uno de los tipos que clasifica Sarmiento en su *Facundo* (1845), y que en el caso de El Viejo Pancho es compañera que lo consuela en los avatares del amor. Este poema tiene su complemento en el que le sigue, "Charamuscas", donde la pesadumbre es tan intensa que el instrumento no es capaz de brindar consuelo. Es interesante además como ejemplo de la variedad del estilo de Trelles, que incluye tanto arte menor como arte mayor, pues está compuesto de cuartetos hexadecasílabos.

Un tercer poema relacionado específicamente con su circunstancia uruguaya es "Dos de noviembre (de 1904)", escrito en el primer día de los difuntos que siguió al fin de la última guerra civil del país, en que las fuerzas gubernistas del presidente Colorado José Batlle y Ordóñez vencieron a los revolucionarios Blancos liderados por el mítico Aparicio Saravia, cuyo deceso selló el final del conflicto. Aquí Trelles lamenta las vidas perdidas de los gauchos que participaron en la contienda.

Con "Insomnio" se inicia un segundo grupo de poemas, casi todos publicados en *El Terruño*, la revista mensual que inspiró y alojó la obra tardía de El Viejo Pancho. Fue uno de los elegidos por Carlos Gardel y otros cantantes, y por lo tanto de los más famosos. Escrito en versos hexasílabos, consiste en tres partes, cada una de las cuales se cierra con el estribillo "¡Pucha que son largas / las noches de invierno!". La primera parte habla de la dificultad de conciliar el sueño en general, mientras que las otras dos son más específicas, y nombran como sendas causas del insomnio dos preocupaciones que se repiten a través de toda la obra de El Viejo Pancho: los indeseados cambios que trajo la modernización

intercambio, e xustifícase a súa presenza aquí porque nel reafirma a súa visión do amor que prefire, ou sexa, o que "non é recompensado". A *payada* inspirou a un dos artistas do semanario a facer un debuxo dos dous gauchos tomando mate diante dun rancho, que incluímos aquí, e o poema comeza parabenizándoo pola calidade e o realismo dos retratos.

O tema do amor perdido continúa en "Cousas de vello...", escrito en alexandrinos e heptasílabos, no que o gaucho xa veterán intenta xustificar a súa habitual melancolía a unha *china* nova que o interroga mentres lle *ceba* mate. "Ti es a única" é un dos dous poemas dedicados á guitarra, que é o instrumento por excelencia do gaucho cantor, un dos tipos que clasifica Sarmiento no seu *Facundo* (1845), e que no caso de El Viejo Pancho é a compañeira que o consola nos seus avatares de amor. Este poema ten o seu complemento no que lle segue, "Faíscas", onde a pesadume é tan intensa que o instrumento non é quen de brindar consolo. É interesante ademais como exemplo da variedade de estilo de Trelles, que inclúe tanto arte menor como arte maior, pois está composto de cuartetos hexadecasílabos.

Un terceiro poema relacionado especificamente coa súa circunstancia uruguaia é "Dous de novembro (de 1904)", escrito no primeiro día dos defuntos que seguiu á última guerra civil do país, na que as forzas gobernistas do presidente Colorado José Batlle y Ordóñez venceron os revolucionarios Brancos liderados polo mítico Aparicio Saravia, cuxa morte selou a fin do conflito. Aquí Trelles lamenta as vidas perdidas dos gauchos que participaron na loita.

Con "Insomnio" iníciase un segundo grupo de poemas, case todos publicados en *El Terruño*, a revista mensual que inspirou e aloxou a obra tardía de El Viejo Pancho. Foi un dos elixidos por Carlos Gardel e outros cantantes, e polo tanto dos máis famosos. Escrito en versos hexasílabos, consiste en tres partes, que pechan sempre co retrouso "*Pucha*[16] que son longas / as noites de inverno!". A primeira parte fala da dificultade de conciliar o sono en xeral, mentres que as outras dúas son máis específicas, e nomean como senllas causas do insomnio dúas preocupacións que se repiten a través de toda a obra de El Viejo Pancho: os indesexados cambios que trouxo a modernización

16. *Pucha*: eufemismo de 'puta', que se emprega para expresar sorpresa e admiración ou enfado e desilusión.

al mundo rural, y que el gaucho tradicional resiente; y el amor de una desdeñadora china que no se puede olvidar.

Luego viene "Tiento sobao" y su original propuesta sobre el amor problemático, pues trata de la amistad entre el gaucho y un perro vagabundo que se sienten unidos por la misma desilusión sentimental. "Misterio" es otro poema que, como el anterior, también se hizo canción (de Gardel y otros). Sus endecasílabos y octosílabos compendian, en principio, la historia típica del gaucho uruguayo de los últimos dos tercios del siglo XIX, en que actuó en una serie de guerras y revoluciones. Pero estas experiencias no parecen haberlo afectado tanto como otra, más íntima y dolorosa, con la que se cierra el poema y a la que ya estamos acostumbrados: la pérdida de un amor causada por el desengaño, pues se hace referencia a la trenza cortada en el susodicho primer poema gauchesco. "Volver p'atrás" ilustra otro asunto recurrente en *Paja brava*: la nostalgia por el tiempo ido, expresada aquí en abundante vocabulario gauchesco, como el de la imagen final de un ternero "de los recuerdos" que "apoya" o provoca la leche de su madre, quien se deviene "lechera del dolor", puesto que hasta los peores tiempos idos son más fáciles de llevar que la tristeza de la vejez.

"¡Como todas!", una de las más contundentes expresiones de la misoginia del gaucho, es, sin embargo, también de las poesías más populares y convocó a varios cantantes, incluido otra vez Gardel. En ella se toma partido por el gaucho difunto y se acusa a la china de no haberlo amado con la misma devoción que le brindara él. Le sigue otro poema tardío, el cuarto cantado por Gardel, que es, sin duda, de lo más logrado que escribió Trelles. "¡Hopa... hopa... hopa!..." es una poderosa y patética meditación sobre la esperanza y el desengaño, en la que el gaucho se encuentra con la figura mefistofélica de un arriero que va camino a engatusar gauchos jóvenes, pero que no puede embaucar al veterano poeta, ya curtido de experiencia vital. También intensa y sutil reflexión es "¡Pobre alma mía!", uno de tres textos elegidos por el gran compositor clásico Eduardo Fabini para recrear en canciones ("La güeya" es otro), con el título de "Luz mala": el tema es el amor que continúa después de la muerte, ya que el finado gaucho, ahora en forma de "luz mala" o

ao mundo rural, e que o gaucho tradicional resente; e o amor dunha desprezadora *china* que non pode esquecer.

Logo vén "*Tiento sobao*"[17] e a súa orixinal proposta sobre o amor problemático, pois trata da amizade entre o gaucho e un can vagabundo, que se sinten conectados pola mesma desilusión sentimental. "Misterio" é outro poema que, como o anterior, tamén se fixo canción (de Gardel e outros). Os seus endecasílabos e octosílabos compendian, en principio, a típica historia do gaucho uruguaio dos últimos dous terzos do século XIX, cando participou nunha serie de guerras e revolucións. Pero estas experiencias aparentemente non lle afectaron tanto como outra, máis íntima e dolorosa, coa que se pecha o poema e á que xa estamos acostumados: a perda dun amor causada polo desengano, pois faise referencia á trenza cortada no devandito primeiro poema gauchesco. "Volver pr'atrás" ilustra outro asunto recorrente en *Paja brava*: a nostalxia polo tempo fuxido, expresada aquí en abundante vocabulario gauchesco, como o da imaxe final dun becerro "das lembranzas" que "apoia" ou provoca o leite de súa nai, quen se convirte en "leiteira de dor", posto que os peores tempos fuxidos son máis fáciles de levar que a tristura da vellez.

"Como todas!", unha das máis contundentes expresións da misoxinia do gaucho, é, porén, tamén das poesías máis populares e convocou a varios cantantes, incluído outra vez Gardel. Nela tómase partido polo gaucho difunto e acúsase á *china* de non amalo coa mesma devoción que el a ela. Séguelle outro poema tardío, o cuarto cantado por Gardel, que é, sen dúbida, do máis logrado do que escribiu Trelles. "Hopa... hopa... hopa!...." é unha poderosa e patética meditación sobre a esperanza e o desengano, na que o gaucho se atopa coa figura mefistofélica dun arrieiro que vai engaiolar gauchos mozos, pero que non pode enganar ao veterano poeta, xa curtido de experiencia vital. Tamén é unha reflexión intensa e sutil "Pobre alma miña!", un dos tres textos elixidos polo gran compositor clásico Eduardo Fabini para recrear en cancións ("A pegada" é outro), co título de "Luz mala": o tema é o amor que continúa despois da morte, xa que o finado gaucho, agora en forma de "luz mala" ou

17. *Tiento*: tira delgada de coiro que se emprega para atar, coser ou trenzar. *Sobao* (sobado): amolecido.

alma en pena, visita por la noche el rancho de la amada que lo despreció en vida.

Aunque "Mi testamento", poema que le sigue, sea en principio honda y emotiva declaración de su última voluntad y su foco la relación del gaucho con la naturaleza, también trae a colación, al final, la presencia constante de la china embaucadora. "El secreto e la vida" marca una pausa en el mensaje generalmente taciturno del Trelles tardío, ya que está dedicado a los beneficios de la bebida para solucionar, temporalmente, la angustia del gaucho. Pero, aun dentro del tono gracioso que lo domina, no falta la referencia a la infelicidad romántica, pues "en chupar y amar se encierra / tuito el secreto e la vida". Continúa esa presencia del amor dificultoso y sus marcas indelebles en otros dos textos que no podrían faltar en ninguna antología de El Viejo Pancho, y donde se meditan también la vida y la muerte: "Ecce homo", expresión de rebelde religiosidad, y "Mi rancho", que fue interpretado por la magnífica cantante melense Amalia de la Vega. El penúltimo texto es "Remordimientos", donde El Viejo Pancho se arrepiente de aquel terrible episodio de "Resolución" en que cortó la trenza a su china y que tanto impresionó a sus primeros lectores de *El Fogón*. El gaucho, ahora más juicioso, explica que su acto fue motivado por una costumbre de su tierra, como manera de castigar "el desdén no merecido" de la china que "despreció el sentimiento / del gaucho que la ha querido". Se trata con seguridad de un poema tardío, pues recién entró en la tercera edición de *Paja brava*, de 1923, la última en vida de Trelles. Es, por tanto, contemporáneo con otros mencionados que comparten la nota de madura reflexión sobre los años vividos.

La selección termina con el único texto gauchesco ausente de *Paja brava* al que hicimos referencia antes: un bello y seguramente tardío poema, custodiado en el Archivo José Alonso y Trelles de la Biblioteca Nacional de Uruguay. "Aprovechate, gaviota" es una séptima en endecasílabos y un heptasílabo, en rima capicúa *abcacba*, que trata de la fugacidad de la vida y el *carpe diem* (el título es principio de un dicho conocido en el Río de la Plata, "Aprovechate, gaviota, que no te verás en otra", que exhorta a tomar la oportunidad cuando surge, pues no se sabe si volverá a suceder). La nota final de esta antología de tono general saturnino es, pues, relativamente feliz y animada.

ánima, visita pola noite o rancho da amada que o desprezou en vida.

Aínda que "O meu testamento", poema que lle segue, sexa en principio unha fonda e emotiva declaración da súa última vontade e o seu foco a relación do gaucho coa natureza, tamén trae a colación, ao final, a presenza constante da *china* enredante. "O segredo da vida" marca unha pausa na mensaxe xeralmente taciturna do Trelles tardío, xa que está dedicado aos beneficios da bebida para solucionar, temporalmente, a angustia do gaucho. Pero, aínda dentro do ton gracioso que o domina, non falta a referencia á infelicidade romántica, xa que "en *chupar* e amar se encerra / todiño o segredo da vida". Continúa esa presenza do amor dificultoso e as súas marcas indelebles noutros dous textos que non poderían faltar en ningunha antoloxía de El Viejo Pancho, e onde se meditan tamén a vida e a morte: "Ecce homo", expresión de rebelde relixiosidade, e "O meu rancho", que foi interpretado pola magnífica cantante melense Amalia de la Vega. O penúltimo texto é "Remorsos", onde El Viejo Pancho se arrepinte daquel terrible episodio de "Resolución" en que lle cortou a trenza á súa *china* e que tanto impresionou aos seus primeiros lectores de *El Fogón*. O gaucho, agora máis axuizado, explica que o seu acto foi motivado por un costume da súa terra, como xeito de castigar "o desdén non merecido" da *china* que "despreciou o sentimento / do gaucho que a tiña querido". Trátase con seguridade dun poema tardío, pois entrou na terceira edición de *Paja brava*, de 1923, a última en vida de Trelles. É, polo tanto, contemporáneo con outros mencionados que comparten a nota de madura reflexión sobre os anos vividos.

A selección termina co único texto gauchesco ausente de *Paja brava* ao que fixemos referencia antes: un fermoso e seguramente tardío poema, custodiado no Arquivo José Alonso y Trelles da Biblioteca Nacional do Uruguai. "Aprovéitate, gaivota" é unha sétima en endecasílabos e un heptasílabo, en rima capicúa *abcacba*, que trata da fugacidade da vida e o *carpe diem* (o título é o comezo dun dito coñecido no Río da Prata, "Aprovéitate, gaivota, que non terás outra igual", que exhorta a tomar a oportunidade cando xorde, pois non se sabe se volverá acontecer). A nota final desta antoloxía de ton xeral saturnino é, pois, relativamente feliz e animada.

*

La presente edición es, entonces, un florilegio de la poesía más significativa de José Alonso y Trelles, hecha en conmemoración del centenario de su muerte. Es la primera en los dos idiomas de las sendas patrias de su autor, la nativa gallega de Ribadeo, provincia de Lugo, y la adoptiva uruguaya de Tala, departamento de Canelones. La celebración desde ambas perspectivas nacionales se concreta, por un lado, mediante la versión gallega de los poemas, a cargo de Daniel Chapela y Belén Senín; y por otro lado, a través de una serie de ilustraciones, comisionadas especialmente, por un grupo de artistas uruguayos conocedores del mundo que se describe en sus poemas gauchescos. De esta manera, se retoma asimismo la tradición de acompañar la obra de El Viejo Pancho pictóricamente, que se inició en las revistas que la alojaron originalmente y en una elegante edición anterior también casi centenaria: la de *Paja brava* de 1926, que lució trabajos de un prestigioso grupo de dibujantes, grabadores y pintores nacionales contemporáneos (la lista de sus nombres aparece en la Bibliografía). Los artistas que contribuyen sus obras a la presente edición son Cecilia Astiazarán, Daniela Beracochea, Diego Bianki, Nat Cardozo, Ceciro, Fran Cunha, Noel de León, Florencia Durán Itzaina, Seida Lans y Álvaro Zunini.

Los textos gauchescos provienen, con leves revisiones, de las *Obras completas*, a cargo del presente editor (Montevideo, 2005); ese libro es a su vez versión castellana y expandida de *"Paja brava" de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles* (Santiago de Compostela, 1998), con aparato crítico en gallego. Como antes, el texto base es el de la referida edición de 1954, prologada por Serafín J. García y cuidada por un joven Ángel Rama, futuro gran crítico latinoamericanista e hijo de gallegos (y quien por esas fechas justamente escribía un texto memorialista sobre la vida rural de su madre niña en Traba de Bergantiños, municipio de Coristanco, *Tierra sin mapa*, que ganó un concurso literario en 1959). Hemos agregado las fechas de primera aparición o el lugar donde se encuentra el manuscrito autógrafo. Siguiendo los últimos consejos de la Real Academia Española, "las formas verbales con

*

A presente edición é, entón, un florilexio da poesía máis significativa de José Alonso y Trelles, feita en conmemoración do centenario da súa morte. É a primeira nos dous idiomas das senllas patrias do autor, a nativa galega de Ribadeo, provincia de Lugo, e a adoptiva uruguaia de Tala, departamento de Canelones. A celebración desde ambas as perspectivas nacionais concrétase, por un lado, mediante a versión galega dos poemas, a cargo de Daniel Chapela e Belén Senín; e polo outro lado, a través dunha serie de ilustracións, comisionadas especialmente, por un grupo de artistas uruguaios coñecedores do mundo que se describe nos seus poemas gauchescos. Deste xeito, retómase a tradición de acompañar a obra de El Viejo Pancho pictoricamente, que se iniciou nas revistas que a aloxaron orixinalmente e nunha elegante edición anterior tamén case centenaria: a de *Paja brava* de 1926, que luciu traballos dun prestixioso grupo de debuxantes, gravadores e pintores nacionais contemporáneos (a lista dos seus nomes aparece na Bibliografía). Os artistas que contribúen coas súas obras á presente edición son Cecilia Astiazarán, Daniela Beracochea, Diego Bianki, Nat Cardozo, Ceciro, Fran Cunha, Noel de León, Florencia Durán Itzaina, Seida Lans e Álvaro Zunini.

Os textos gauchescos proveñen, con leves revisións, das *Obras completas*, a cargo do presente editor (Montevideo, 2005); ese libro é á súa vez versión castelá e expandida de *"Paja brava" de El Viejo Pancho e outras obras de José A. y Trelles* (Santiago de Compostela, 1998), con aparato crítico en galego. Como antes, o texto base é o da referida edición de 1954, prologada por Serafín J. García e ao coidado dun novo Ángel Rama, futuro gran crítico latinoamericanista e fillo de galegos (e quen por esas datas xustamente escribía un texto memorialista sobre a vida rural da súa nai cando era nena en Traba de Bergantiños, concello de Coristanco, *Terra sen mapa*, que gañou un concurso literario en 1959). Engadimos as datas de primeira aparición ou o lugar onde se atopa o manuscrito autógrafo. Seguindo os últimos consellos da Real Academia Española, "as formas verbais con

pronombres enclíticos llevan tilde o no de acuerdo con las normas generales de acentuación";[12] por lo tanto se evita el tilde en casos del voseo imperativo como "quereme", "deshojalas" o generalmente en pronunciaciones dialectales como "ahi" (que antes se escribía "áhi").

Que por que ando eu así como anoxado e triste!
Pra que queres sabelo, miña fermosa flor de *ceibo*?
Os días do verán, que son pr'o mozo auroras,
son tardes melancólicas pr'os que van pra vellos.

Pra poder contarche a historia das miñas penas
tería que ir *pialando* as miñas lembranzas lento...
Posto que eu, pra ir *guapiando*, xa non as preciso,
deixa que as ate ao seu *palenque* o esquecemento.

Máis ben *cebá* un *amargo* dos que ti adoitas
pra *despuntar o vicio*... pra ir facendo tempo...
Quen sabe se algún día, sen escoitalo dos meus beizos,
non sabes por que peno!

Pero hoxe aínda é cedo pra que esa cabeciña
que pide pra engalanarse a flor encarnada do *ceibo*,
comprenda que se poden atopar sobre a almofada
tristezas que nos afogan e non lindos anhelos.

Cebá, cebame un mate, que yo, pa entretenerte,
te vi'a contar un cuento
que, aunque es todo él mentira,
tal vez se te haga cierto.

Era como vos moza y era como vos linda
y como vos tenía por ojos dos luceros,
ande se achicharraban de un corazón las alas,
del corazón de un gaucho que se miraba en eyos.

Era un cantor y pueta de esos que en la guitarra
ponen en voz de cuerdas sus delicados nervios
y cantan en sus "décimas" bravuras de los héroes
y penas en sus "tristes", y amores en sus "cielos".

Eya tuvo al principio p'al payador amante
en los ojos ternuras y en la boquita besos...
¡Eran como palomas que van buscando el monte
p' hacer entre los sauces el nido de sus sueños!

Dispués... ¿sabés, mi china, que está lindo tu mate?
Más lindo que mi cuento;
no des güelta a la yerba, seguí, seguí cebando,
pa ver si se me apaga la sé que estoy sintiendo...

Cebá, *cebame* un mate, que eu, pra entreterte,
vouche contar un suceso
que, aínda que é todo el mentira,
talvez se che faga certo.

Era coma ti moza e era coma ti linda
e coma ti tiña por ollos dous luceiros,
onde se consumían dun corazón as ás,
do corazón dun gaucho que se miraba no seu reflexo.

Era un cantor e poeta deses que na guitarra
poñen en voz das cordas os seus delicados nervios
e cantan nas súas "décimas" bravuras dos heroes
e penas nos seus "tristes", e amores nos seus "cielos".

Ela tivo ao comezo pr'o *payador* amante
nos ollos tenruras e na boquiña beixos...
Eran como pombas que van buscando o monte
pra facer entre os salgueiros o niño dos seus desexos!

Despois... sabes, miña *china*, que está bo o teu mate?
Mellor que o meu parrafeo;
non deas volta á *yerba*, segue, segue *cebando*,
pra ver se se me apaga a sede que estou padecendo...

Dispués... ¡Óigale el duro!
¿Sabés que no me acuerdo?
Mirá, sacá esa astiya que está haciendo humadera...
me yoran ya los ojos... prestame tu pañuelo...

[*El Fogón*, 7 de noviembre de 1900]

- *Amargo*: un *mate* [ver poema 8] sin azúcar.
- *Dar vuelta a la yerba*: cambiar de lugar la bombilla en el *mate*, sacándola de la porción de yerba ya mojada y colocándola en la parte seca, extendiendo así la utilidad de la cebadura o porción de yerba dentro del mate.
- *Ceibo*: árbol de hasta 8m de altura y 50cm de diámetro de madera blanda. Sus flores carnosas, de textura aterciopelada y de color carmín, son símbolo nacional del Uruguay (*Erythrina crista-galli*).
- *Cielo*: más comúnmente en diminutivo (cielito). Canción danzada en cuartetas asonantadas y seguidas.
- *Décima*: típica composición criolla que consiste en una estrofa de diez versos octosílabos que generalmente riman así: primero con cuarto y quinto; segundo con tercero; sexto con séptimo y décimo; octavo con noveno. Se suele usar en las payadas. Ejemplos del género en esta antología son los poemas 5, 8, 23 y 24.
- *Despuntar el vicio*: "satisfacer momentáneamente un gusto muy apetecido" (*Diccionario del español del Uruguay*).
- *Guapiar*: afrontar una situación que requiere fuerza y valentía.
- *¡Óigale el duro!*: expresión de sorpresa equivalente a "¡Caramba!". Proviene de la frase "Óigale el duro, y se duebla", con que se burla al que muestra debilidad luego de haberse jactado de su fortaleza.
- *Payador*: gaucho cantor que interviene en una payada.
- *Pialar*: por medio del 'pial' (peal o lazo rastrero), atrapar un animal enlazándole las patas delanteras.
- *Pueta*: poeta.
- *Sé*: sed.
- *Triste*: canción de tema amoroso y triste que se acompaña con la guitarra.

Despois... *Óigale el duro!*
Podes crer que non o lembro?
Mira, saca esa acha que está facendo fumeira...
chóranme xa os ollos... préstame o teu pano terso...

[*El Fogón*, 7 de novembro de 1900]

- *Amargo*: un *mate* [ver poema 8] sen azucre.
- *Dar volta á yerba*: cambiar de lugar a *bombilla* no *mate*, sacándoa da porción de *yerba* xa mollada e colocándoa na parte seca, extendendo así a utilidade da *cebadura* ou porción de *yerba* dentro do mate.
- *Ceibo*: árbore de até 8m de altura e 50cm de diámetro de madeira branda. As súas flores carnosas, de textura aveludada e de cor carmín, son símbolo nacional do Uruguai (*Erythrina crista-galli*).
- *Cielo*: máis comunmente en diminutivo (*cielito*). Canción danzada en cuartetas asonantes e seguidas.
- *Décima*: típica composición crioula que consiste nunha estrofa de dez versos octosílabos que xeralmente riman así: primeiro con cuarto e quinto; segundo con terceiro; sexto con sétimo e décimo; oitavo con noveno. Adoita usarse nas *payadas*. Exemplos do xénero nesta antoloxía son os poemas 5, 8, 23 e 24.
- *Despuntar o vicio*: segundo o *Diccionario del español del Uruguay*, satisfacer momentaneamente un gusto moi apetecido.
- *Guapiar*: afrontar unha situación que require forza e valentía.
- *¡Óigale el duro!*: Expresión de sorpresa equivalente a "¡Caramba!". Provén da frase "Óigale el duro, y se duebla", coa que burlarse dunha persoa que amosa debilidade despois de xactarse de fortaleza.
- *Payador*: gaucho cantor que intervén nunha *payada*.
- *Pialar*: por medio do *pial* ('peal' ou lazo rastreiro), atrapar un animal enlazándolle as patas dianteiras.
- *Triste*: canción de tema amoroso e triste que se acompaña coa guitarra.

10

DOS DE NOVIEMBRE (DE 1904)

Deshojalas no más po'ande tú quieras,
que, en la Patria de Artigas,
tanto son cementerios las quebradas,
como son camposantos las cuchiyas.

Po'ande quiera que jueron
luciendo en los sombreros las divisas,
po'ande quiera que jueron nuestros gauchos
iba quedando roja la gramiya.

¡Quién sabe en qué picada
cayó pa siempre el que te amó, mi china!
¡Quién sabe cuál jue el molle cuyas hojas
oyeron lo que dijo en su agonía!...

Ande cantaban antes las calandrias
dicen ahura las brisas
que se han quedao sin besos muchas cunas
y se han quedao sin luz muchas pupilas.

Cayeron de las frentes
de las mozas más lindas
despojaos y marchitos azahares,
y los mantos de gasas hechos tiras.

10

DOUS DE NOVEMBRO (DE 1904)

Esfóllaas só por onde ti queiras,
que, na Patria de Artigas,
tanto son cemiterios as gargantas,
como son camposantos as *cuchiyas*.

Por onde queira que foron
lucindo nos sombreiros as *divisas,*
por onde queira que fosen os nosos gauchos
ía quedando encarnada a herba limpa.

Quen sabe en que *picada*
caeu para sempre o que te amou, miña *china*!
Quen sabe cal foi o *molle* cuxas follas
escoitaron o que dixo na súa agonía!...

Onde cantaban antes as lavercas
din agora as brisas
que quedaron sen bicos moitos berces
e quedaron sen luz moitas meniñas.

Caíron das frontes
das mozas máis lindas
desposuídos e murchos azares
e os mantos de gasas feitos tiras.

Las almas de las madres
van siguiendo entuavía
el vuelo e los caranchos, que señala
el lugar en que jueron las guerriyas.

Y en cerros y en cañadas
las rojas margaritas
parecen cuajarones de la sangre
en el altar de la pasión vertida.
.....

Deshojalas no más, cubrí de flores
esta tierra bendita,
y dejame yorar. Entuavía faltan
algunas horas pa encordar la lira.

[*El Fogón*, 7 de noviembre de 1904]

- *Cañada*: arroyo pequeño.
- *Carancho*: ave rapaz que se alimenta de carroña y pequeños vertebrados; a veces ataca las crías de los rebaños.
- *Divisa*: pañuelo, *vincha* [ver poema 13] u otro trozo de tela que usaban los gauchos en las guerras entre los dos bandos de caudillos que dieron el nombre a los dos partidos tradicionales de Uruguay: Blancos y Colorados.
- *Molle*: árbol anacardiáceo de ramas colgantes y de unos 10m de altura.
- *Picada*: senda en un bosque tupido.

As almas das nais
van seguindo aínda
o vo dos *caranchos*, que sinala
o lugar onde foron as guerrillas.

E en outeiros e en regatos
as roibas margaridas
parecen callóns do sangue
no altar da paixón vertida.
.....

Esfóllaas tan só, cubre de flores
esta terra bendita,
e déixame chorar. Aínda faltan
algunhas horas pra encordar a lira.

[*El Fogón*, 7 de novembro de 1904]

• *Carancho*: ave rapaz que se alimenta de prea e pequenos vertebrados; ás veces ataca as crías dos rabaños.
• *Divisa*: pano, *vincha* [ver poema 13] ou outro anaco de tea que empregaban os gauchos nas guerras entre os dous bandos de caudillos que deron o nome aos dous partidos tradicionais do Uruguai: Brancos e Colorados.
• *Molle*: árbore anacardiáceo de pólas colgantes e duns 10m de altura.
• *Picada*: senda nun bosque tupido.

11

TÚ ERES LA SOLA

Tú eres la sola que no me engañas,
vieja y humilde guitarra mía,
ni a la tristeza de mis canciones
le juegas risa.

Tú eres la sola que no le juyes
a mis desdichas,
y eres la mesma cuando amanecen
que cuando mueren, pa mí, los días.

Como tus cuerdas las ha tejido
con hebras de alma la fantasía,
no bien mi mano sobre eyas tiembla
tuitas mis penas en ti palpitan.

Tú entre la caja guardar supiste
de mis amores la poesía,
¡y ya no pueden de ayí arrancarla
ni sus desdenes, ni su perfidia!

11

TI ES A ÚNICA

Ti es a única que non me engana,
vella e humilde guitarra miña,
nin a tristeza das miñas cancións
te tomas a risa.

Ti es a única que non foxes
das miñas desditas,
e es a mesma cando amencen
que cando morren, pra min, os días.

Como as túas cordas foron tecidas
con febras de alma pola fantasía,
xa ao tremer a miña man sobre elas
todas as miñas penas en ti palpitan.

Ti dentro da caixa gardar soubeches
dos meus amores a poesía,
e xa non poden arrincala
nin os seus desdéns, nin a perfidia!

Tú la has maneado con la manea
de los recuerdos, que son la vida,
y muy bajito, con notas tiernas,
la pastoreas y la acaricias.

Ahura no importa que eya se raiga,
ni que a mis ansias responda altiva,
ni que se adorne pa darme en cara,
con cintas que odian a mi divisa.

Mientra en tus cuerdas palpite mi alma
y haiga en tu caja flores marchitas,
¡qué me suponen sus desamores,
ni sus desdenes, ni sus perfidias!

[*El Fogón*, 7 de enero de 1905]

• *Entre*: dentro; en.
• *Manea*: tira de cuero sobado que se usa para atar, o *manear*, los caballos a un objeto fijo, permitiéndoles cierta libertad de movimiento.
• *Mesma*: misma, igual.

Ti *maneáchelas* coa *manea*
das lembranzas, que son a vida,
e moi baixiño, con notas tenras,
pastoréala e acaríñala.

Agora non importa que ela se ría
nin que aos meus afáns responda altiva
nin que se engalane pra reprenderme,
con cintas que odian a miña *divisa*.

Mentres nas túas cordas latexe a miña alma
e haxa na túa caixa flores rechumidas
que me supoñen os seus desamores,
os seus desdéns, ou as súas perfidias!

[*El Fogón*, 7 de xaneiro de 1905]

• *Manea*: tira de coiro sobado que se usa para atar, ou *manear*, os cabalos a un obxecto fixo, permitíndolles certa liberdade de movemento.

12

CHARAMUSCAS

Ni me nuembre la guitarra que jue un tiempo mi alegría
y hoy ni un poco de consuelo me le brinda al corazón;
dejelá, no más, que duerma silenciosa, y triste, y fría,
como tumba en que encerrada tengo mi última ilusión.

Hace mucho que no quiere las caricias de mi mano,
hace mucho que no escucha los soyozos de mi amor;
hace mucho que sus cuerdas como en cepo colombiano
estaquean las canciones que endulzaban mi dolor.

Aprendió de mi chiruza los desdenes matadores,
se amigó con mi destino pa gozarse en verme dir,
cabrestiando de la cincha de los únicos amores
que, aun matándome, en mí alientan el anhelo de vivir.

Del amor que como un juego va quemándome las venas,
y que nunca, ni aun en sueños he de verlo florecer,
y de otro amor hermoso que las odia a las cadenas,
y que pide sacrificios, y que esije hondo querer.

12

FAÍSCAS

Nin me nomea a guitarra que foi durante un tempo a miña alegría
e hoxe nin un chisco de consolo lle me brinda ao corazón;
déixea, anda, que durma silenciosa, e triste, e fría,
como sepulcro no que teño pechada a miña derradeira ilusión.

Hai moito que non quere os aloumiños da miña man como antano,
hai moito que non escoita os prantos do meu amor;
hai moito que as súas cordas como en *cepo colombiano*
estaquean as cancións que adozan a miña dor.

Aprendeu da miña *chiruza* os desdéns matadores,
aliouse co meu destino pra divertirse ao me ir,
cabrestiando da *cincha* dos únicos amores
que, aínda matándome, avivan o meu devezo de vivir.

Do amor que coma un xogo vai queimando as miñas veas,
e que nunca, nin sequera en soños lograrei velo florecer,
e doutro amor fermoso que odia as cadeas,
e que pide sacrificios, e que demanda un fondo querer.

Dejelá, no más, colgada del horcón de la cumbrera
a la que ahura con mis penas se complace en ser crüel,
a la prienda que jue un tiempo como el sol de mi tapera,
camoatí en que mis canciones iban a beber la miel.

[*El Fogón*, 7 de noviembre de 1905]

- *Cabrestiar* (cabrestear): responder una cabalgadura con docilidad al tiro del *cabresto* (cabestro), que es la cuerda que se ata al pescuezo o a la cabeza del caballo para sujetarlo o conducirlo.
- *Camoatí*: avispa pequeña de color negro, muy agresiva.
- *Cepo colombiano*: también llamado 'cepo de campaña'. Castigo consistente en inmovilizar a un prisionero atándole las muñecas y oprimiéndolo entre dos fusiles, uno debajo de las corvas y el otro sobre la nuca, atados con un *tiento* [ver poema 13] o correa.
- *Charamuscas*: hojarasca y leña liviana, que se usa para encender el fuego; cosas sin valor.
- *Cincha*: correa ancha de cuero e hilo que se usa para asegurar el apero al lomo del caballo.
- *Cumbrera*: viga maestra del techo de un *rancho* [ver poema 4].
- *Dir*: ir.
- *Estaquear*: estirar un cuero fijándolo con estacas; castigo consistente en atar los cuatro miembros de una persona a sendas estacas.
- *Horcón*: madero vertical, generalmente terminado en horqueta, sobre el que descansa la *cumbrera* en los *ranchos*.
- *Nuembrar*: nombrar.
- *Prienda* (prenda): aquí, mujer amada.

Déixea, anda, colgada do *horcón* da *cumbrera*
á que agora coa miña coita se comprace en ser cruel,
á *prienda* que foi un tempo como o sol da miña *tapera*,
camoatí que nas miñas cancións ían zugar o mel.

[*El Fogón*, 7 de novembro de 1905]

- *Cabrestiar* (cabrestear): responder unha cabalgadura con docilidade ao tiro do *cabresto* (cabestro), que é a corda que se lle ata ao pescozo ou á cabeza do cabalo para suxeitalo ou conducilo.
- *Camoatí*: avespa pequena de cor negra, moi agresiva.
- *Cepo colombiano*: tamén chamado 'cepo de campaña'. Castigo consistente en inmobilizar un prisioneiro atándolle os pulsos e oprimíndoo entre dous fusiles, un debaixo dos xarretes e o outro sobre a caluga, atados cun *tiento* [ver poema 13] ou correa.
- *Cincha*: correa ancha de coiro e fío que se emprega para asegurar o apeiro ao lombo do cabalo.
- *Cumbrera*: viga mestra do teito dun *rancho* [ver poema 4].
- *Estaquear*: estirar un coiro fixándoo con estacas; castigo consistente en atar os catro membros dunha persoa a senllas estacas.
- *Horcón*: madeiro vertical, xeralmente terminado en gallada, sobre o que descansa a *cumbrera* nos *ranchos*.
- *Prienda* (prenda): aquí, muller amada.

Fran Cunha

Insomnio

Debuxos e transferencia sobre papel

13

INSOMNIO
I

Es de noche; pasa
rezongando el viento
que duebla los sauces
cuasi contra el suelo.
En el fondo escuro
de mi rancho viejo,
tirao sobre el catre
de lecho de tientos,
aguaito las horas
que han de tráerme el sueño,
y las horas pasan,
y ni yo me duermo,
ni duerme en la costa
del bañao el tero,
que ocasiones grita
no sé qué lamento
que el chajá repite
dende ayá muy lejos...
.....
¡Pucha que son largas
las noches de invierno!

13

INSOMNIO
I

É noite; pasa
fungando o vento
que case até o chan
dobra os salgueiros.
No fondo escuro
do meu *rancho* vello,
tirado sobre o catre
de leito de *tientos*,
agardo as horas
que deberían traerme o sono, presto,
e as horas pasan,
e nin eu durmo, de certo,
nin dorme na costa
do *bañao* o *tero*,
que en ocasións berra
non sei que lamento
que o *chajá* repite
tan lonxe que case non o entendo...
.....
Pucha que son longas
as noites de inverno!

II

A través del turbio
cristal del recuerdo
van mis años mozos
pasando muy lentos.
Y dispués que gozo
si a vivirlos güelvo,
pensando en los de ahura
no sé lo que siento...
Noviyos sin guampas,
yeguas sin cencerro,
potros que se doman
a juerza e cabresto;
bretes que mataron
los lujos camperos,
gauchos que no saben
de vincha y culero,
patrones que en auto
van a los rodeos...
.....
¡Pucha que son largas
las noches de invierno!

II

A través do revolto
cristal do recordo antergo
van os meus anos mozos
pasando moi lentos.
E despois de que goce
se volvo a vivilos noutro tempo,
pensando nos de agora
non sei o que sinto neste momento...
Xovencos sen *guampas*,
eguas sen chocarelo,
poldros que se doman
a forza e a cabestro;
bretes que mataron
os luxos campeiros,
gauchos que non saben
de *vincha* e *culero*,
patróns que en coche
van aos rodeos...
.....
Pucha que son longas
as noites de inverno!

III

La puerta del rancho
tiembla porque el perro
tirita contra eya
de frío y de miedo...
Tuito es hielo ajuera,
tuito es frío adentro,
y las horas pasan,
y yo no me duermo;
y, pa pior, en lo hondo
de mi pensamiento
briyan encendidos
dos ojos matreros
que persigo al ñudo
pa quedarme en eyos...
Son los ojos brujos
que olvidar no puedo,
porque ya pa siempre
robáronme el sueño
.....
¡Pucha que son largas
las noches de invierno!

[*El Terruño*, diciembre de 1917]

III

A porta do *rancho*
treme porque o cadelo
tremelica contra ela
de frío e de medo...
Todiño é xeo afora,
todiño é frío dentro,
e as horas pasan,
e eu xa nin sono teño;
e, pra peor, no fondo
dos meus pensamentos
brillan acendidos
dous ollos *matreros*
que persigo en van
pra quedar deles preto...
Son os ollos meigos
para os que esquecemento non teño,
porque xa para sempre
me furtaron o sosego
.....
Pucha que son longas
as noites de inverno!

[*El Terruño*, decembro de 1917]

- *Bañao* (bañado): terreno bajo e inundado.
- *Brete*: corral pequeño; pasadizo por donde se meten los animales para marcarlos o curarlos.
- *Chajá*: ave corpulenta de hasta 90cm de largo cuyo nombre proviene de su grito característico. Como el *tero* [ver más abajo], es domesticable. Habita en pajonales cerca de ríos y arroyos.
- *Cuasi*: casi.
- *Culero*: delantal de cuero, usado como protección para las faenas de campo.
- *Dende*: desde.
- *Duebla*: dobla.
- *Guampa*: cuerno vacuno que el gaucho usaba como recipiente para llevar alimentos o bebida.
- *Pucha*: eufemismo de 'puta' que se usa para expresar sorpresa y admiración o enfado y desilusión.
- *Tero*, *teru-teru*: ave zancuda de unos 35cm de largo, con plumaje negro azulado en el lomo y blanco en el pecho y vientre (*Vanellus chilensis*). Su nombre proviene de su grito característico; en el campo se usa como guardián de las casas. "Podría llevar sin desmedro el apodo de *pájaro gaucho*", dice Guarnieri.
- *Tiento*: tira delgada de cuero que se emplea para atar, coser o trenzar.
- *Vincha*: cinta de tela para adornar o sujetar el pelo, que en el gaucho a menudo denotaba su *divisa* [ver poema 10] política.

- *Bañao* (bañado): terreo baixo e anegado.
- *Brete*: curral pequeno; pasadizo por onde se meten os animais para marcalos ou curalos.
- *Chajá*: ave corpulenta de até 90cm de longo cuxo nome provén do seu berro característico. Como o *tero* [ver máis abaixo], é domesticable. Habita en herbeiras preto de ríos e regatos.
- *Culero*: mandil de coiro, empregado como protección para as tarefas de campo.
- *Guampa*: corno vacún que o gaucho empregaba como recipiente para levar alimentos ou bebida.
- *Pucha*: eufemismo de 'puta' que se emprega para expresar sorpresa e admiración ou enfado e desilusión.
- *Tero*, *teru-teru*: ave pernilonga duns 35cm de longo, con plumaxe negra azulada no lombo e branca no peito e ventre (*Vanellus chilensis*). O seu nome provén do seu berro característico; no campo úsase como gardián das casas. "Podería levar sen desmellora o alcume de *pájaro gaucho*", dice Guarnieri.
- *Tiento*: tira delgada de coiro que se emprega para atar, coser ou trenzar.
- *Vincha*: cinta de tea para adornar ou suxeitar o cabelo, que no gaucho a miúdo denotaba a súa *divisa* [ver poema 10] política.

Florencia Durán Itzaina

Tiento sobao

Óleo sobre madeira

14

TIENTO SOBAO

¿Que quién jue el curioso
que me dio este perro?
Naides; estos bichos, como el hombre zonzo,
cuando los halagan se dan eyos mesmos.

Jue en un mes de agosto
de no sé qué invierno,
muy pocos días antes de morir de flaco
mi cabayo overo,

que cayó a mi rancho,
maltratao y rengo,
y clavó en las mías sus pupilas tristes,
sus pupilas yenas de sombra y misterio.

¿Que de ánde vendría?
¡Vaya uno a saberlo!...
¡Puede que viniese, como yo, del pago
de los desengaños y de los recuerdos!

Le tiré una achura,
y, aunque estaba hambriento,
sin hacerle caso, me miró de un modo
como si dijera: "no vengo por eso".

14

TIENTO SOBAO

Que quen foi o curioso
que me deu este cadelo?
Ninguén; estas bestas, coma o home *zonzo*,
cuando os adulan danse eles mesmos.

Foi nun mes de agosto
de non sei cal inverno,
moi poucos días antes de morrer de fame
o meu cabalo *overo*,

que chegou ao meu *rancho*,
maltratado e *rengo*,
e fitou nas miñas as súas meniñas tristes,
as súas meniñas cheas de sombra e misterio.

Que onde viría?
Vai ti sabelo!
Pode que viñese, coma min, do *pago*
das lembranzas e dos desalentos!

Tireille unha *achura*,
e, aínda que estaba famento,
sen facerlle caso, miroume coma se dixese
"non veño por iso", co seu xesto.

Aunque sea zoncera,
pensé yo por dentro:
¡quién sabe si estos bichos no sufren de amores
y, como al cristiano, los matan los celos!...

Y viendo en tropiya
venir mis recuerdos,
le hice unas caricias y, dende esa tarde,
pa los dos alcanza mi pan y mi techo.

Mientras tomo mate
s'echa cerca el juego,
y cuando al dormirse siento que soyoza
como si al pasado lo golviese el sueño,

se enrieda en la trenza
de mis pensamientos
este tiento, suave de tanto sobarlo:
"*Mujeres y perras... tuitas son lo mesmo*".

[*El Terruño*, setiembre de 1918]

• *Achura*: víscera de la res, que se come asada.
• *Rengo*: cojo.
• *Sobao* (sobado): ablandado.
• *Zoncera*: tontera, simpleza.
• *Zonzo*: tonto.

Malia ser *zoncera*,
pensei eu por dentro:
quen sabe se estas bestas non sufren de amores
e, como ao cristián, mátano os celos!...

E mirando en *tropiya*
vir as memorias que teño,
fíxenlle uns cariños e, desde esa tarde,
pra os dous chegan o meu pan e o meu teito.

Mentres tomo mate
do lume bótase preto
e cando ao durmirse sinto que salouca
como se ao pasado o devolvese Morfeo,

enrédase na trenza
dos meus pensamentos
este *tiento*, lene de tanto sobalo:
"*Mulleres e cadelas... todas son o mesmo*".

[*El Terruño*, setembro de 1918]

• *Achura*: víscera da res, que se come asada.
• *Rengo*: coxo.
• *Sobao* (sobado): amolecido.
• *Zoncera*: parvada, simpleza.
• *Zonzo*: parvo.

Cecilia Astiazarán

Misterio

Técnica mixta
(Tinta chinesa con pincel para caligrafía,
estampa de acuarela sobre papel. Colaxe dixital)

15

MISTERIO

Era memoria linda
la memoria del viejo
pa contar sucedidos
de quién sabe qué tiempo,
mientras corría el cimarrón la rueda
y se enredaba en el ombú el pampero.

Pero había que amañarlo
p'arrancarlo al silencio
si le araba la frente
con sus rejas el ceño,
y en el oscuro espejo e las pupilas
encendían su luz ciertos recuerdos.

Porque entonce en sus labios,
temblequiantes y secos
beyaquiaba el rezongo
como potro mañero,
y de un costao al otro de la boca
tranquiaba el pucho de tabaco negro.

15

MISTERIO

Era memoria linda
a memoria do vello
pra contar feitos
de quen sabe que tempo,
mentres corría o *cimarrón* a roda
e se enredaba no *ombú* o *pampero*.

Pero había que amansalo
pr'arrancarlle o silencio
se lle araba a fronte
coas súas rellas o cello,
e no escuro espello das meniñas
acendían certas lembranzas o seu escintileo.

Porque entón nos seus beizos,
tremelicantes e secos
beyaquiaba o rosmón
coma poldro *mañero*,
e dun lado ao outro da boca
tranquiaba o pito de tabaco negro.

A ocasiones él solo
comenzaba los cuentos
que el gauchaje del pago
recogía en silencio,
viendo resucitar, como a un conjuro,
la atormentada juventú del viejo.

Gurí en la Guerra Grande,
mozo cuando Quinteros,
soldao en la el Quebracho,
y herido en la del Cerro,
ande un caudiyo levantaba el poncho,
ayí estaba él apeligrando el cuero.

Eran de ver sus ojos
medio acosaos del sueño
arder como las brasas
del tizón trasfoguero,
cuando echando a la nuca el "borsalino"
les contaba e peleas y entreveros.

Los gurises, al oirlo,
silenciosos y trémulos,
sentían por las venas
correrles como un juego
la alborotada sangre de la raza,
y el fin pedían de la historia al viejo.

En ocasións
comezaba os contos el mesmo
que a gauchaxe do *pago*
recollía en silencio,
mirando resucitar, como a un conxuro,
a atormentada xuventude do vello.

Gurí na Guerra Grande,
mozo cando Quinteros,
soldado na de Quebracho,
e ferido na do Cerro,
onde un caudillo levantaba o poncho,
alí estaba el poñendo en perigo o pelello.

Eran de ver os seus ollos
medio acosados do esgotamento
arder como as ascuas
do tizón trasfogueiro,
cando botando á caluga o "*borsalino*"
contáballes pelexas e *entreveros*.

Os *gurises*, ao oílo,
silenciosos e trémulos,
sentían polas veas
correndo como un lume
o alborotado sangue da raza,
e a fin pedían da historia ao vello.

Pero caiban las chinas
curiosiando el respeto
con que los gauchos oian
las locuras del cuento,
y, sin saber por qué, sobre los párpados
del viejo historiador se echaba el sueño.

Y sus labios, contraidos
por un gesto e despecho,
hablaban de una trenza
cortada rente al cuero,
y de un amor infortunao y triste,
y de un desdén inexplicable y terco.

[*El Terruño*, junio de 1919]

Pero chegaban as *chinas*
usmando o respecto
co que os gauchos oían
as tolemias do conto, atentos,
e, sen saber por que, sobre as pálpebras
do vello historiador botábase o esgotamento.

E os seus beizos, contraídos
por un xesto de despeito,
falaban dunha trenza
cortada ao rente do pelello,
e dun amor infortunado e triste,
e dun desdén inexplicable e ferreño.

[*El Terruño*, xuño de 1919]

- *A ocasiones*: a veces.
- *Beyaquiar* (bellaquear): corcovear o encabritarse un caballo bellaco, que ha sido domado pero que es arisco para jinetes que no sean su dueño; resistirse a hacer lo que se le ordena.
- *Borsalino*: sombrero de origen italiano.
- *Caiban*: caían; llegaban.
- *Cerro*: colina al oeste del puerto de Montevideo, en cuya cima hay una fortaleza. En noviembre de 1870, durante la Revolución de las Lanzas por parte de los Blancos, tuvo lugar la Toma de la Fortaleza.
- *Entrevero*: combate de guerrilleros a caballo, violento y desordenado.
- *Gauchaje*: reunión o conjunto de gauchos.
- *Guerra Grande* (1839-1851): el mayor conflicto civil en la historia del Río de la Plata, en que se enfrentaron las fuerzas federales y unitarias en Argentina y sus aliados, respectivamente los Blancos y los Colorados, en Uruguay. Terminó con la declaración de que no habría "ni vencidos ni vencedores".
- *Gurí*: niño, muchacho; femenino: *gurisa*; plural: *gurises*.
- *Mañero*: que tiene mañas; mañoso.
- *Ombú*: árbol de hasta 15m de altura y 4m de diámetro, de madera blanda, raíces emergentes y amplia copa, que forma parte de la flora típica del campo rioplatense (*Phytolacca dioica*).
- *Pampero*: viento fuerte y frío que sopla desde la Pampa argentina.
- *Pucho*: cigarro; colilla.
- *Quebracho*: revolución de fines de marzo de 1886 en contra del militarismo de Máximo Santos.
- *Quinteros*: tremendo y controvertido episodio, ocurrido en febrero de 1858, conocido con el rótulo "Hecatombe de Quinteros", en que fueron fusilados oficiales y tropa de un grupo de Colorados radicales alzados contra el gobierno de Gabriel A. Pereira. Aunque de origen Colorado, Pereira representaba el movimiento 'fusionista' que intentaba superar las divisas Blancas y Coloradas, y tenía en su gobierno varios miembros de origen Blanco.
- *Rueda (del cimarrón)*: rueda o corro del *mate*.
- *Tranquiar* (tranquear): andar afanosamente.
- *Trasfoguero* (trashoguero): el leño que mantiene el fuego.

- *Beyaquiar* (bellaquear): espoldrexar ou empinarse un cabalo salvaxe, que foi domado pero que é arisco para xinetes que non sexan o seu dono; resistirse a facer o que se lle ordena.
- *Borsalino*: sombreiro de orixe italiana.
- *Cerro*: outeiro ao oeste do porto de Montevideo, en cuxa cima hai unha fortaleza. En novembro de 1870, durante a Revolución das Lanzas por parte dos Brancos, tivo lugar a Toma da Fortaleza.
- *Entrevero*: combate de guerrilleiros a cabalo, violento e desordenado.
- *Gauchaxe*: reunión ou conxunto de gauchos.
- *Guerra Grande* (1839-1851): o maior conflito civil na historia do Río da Prata, en que se enfrontaron as forzas federais e unitarias na Arxentina e os seus aliados, respectivamente os Brancos e os Colorados, no Uruguai. Terminou coa declaración de que non habería "nin vencidos nin vencedores".
- *Gurí*: neno, muchacho; feminino: *gurisa*; plural: *gurises*.
- *Mañero*: que ten mañas; mañoso.
- *Ombú*: árbore de até 15m de altura e 4m de diámetro, de madeira branda, raíces emerxentes e ampla copa, que forma parte da flora típica do campo platense (*Phytolacca dioica*).
- *Pampero*: vento forte e frío que sopra desde a Pampa arxentina.
- *Quebracho*: revolución de finais de marzo de 1886 en contra do militarismo de Máximo Santos.
- *Quinteros*: tremendo e controvertido episodio, ocorrido en febreiro de 1858, coñecido co rótulo "Hecatombe de Quinteros", en que foron fusilados oficiais e tropa dun grupo de Colorados radicais alzados contra o goberno de Gabriel A. Pereira. Aínda que de orixe Colorada, Pereira representaba o movemento 'fusionista' que tentaba superar as divisas Brancas e Coloradas, e tiña no seu goberno varios membros de orixe Branco.
- *Roda (do cimarrón)*: roda do *mate*.
- *Tranquiar* (tranquear): andar afanosamente.

16

VOLVER P'ATRÁS

¿Que no mire p'atrás? ¿Que el tiempo juido
nunca más ha e volver?
¿Que es mejor en la zanja del olvido
sepultar el ayer?

Bien se ve que ricién abrís los ojos
a la vida, gurí;
cuando sintás los caracuces flojos
no has de pensar ansí.

¿Pa qué al flete e soñar vi'a darle apronte
si está maceta ya,
si por juirle al camino vive a monte
como el guasivirá?

Cuando a juerza e penar yegués a viejo
como yo, ya verás
por qué quisiera ser como el cangrejo
que anda siempre p'atrás.

16

VOLVER PR' ATRÁS

Que non mire pr'atrás? Que o tempo fuxido
nunca vai regresar?
Que é mellor que na gabia do esquecido
o onte soterrar?

Ben se ve que recén abres os ollos
á vida, *gurí*;
cando sintas os *caracuces* frouxos
non debes pensar así.

Pra que ao *flete* de soñar vou *darlle apronte*
se está *maceta* xa,
se por fuxirlle ao camiño vive a monte
como o *guasivirá*?

Cando chegues a vello a forza de padecer
coma min, xa verás
por que coma o caranguexo querería ser
que camiña sempre pr'atrás.

¿Que vivir otra vez lo ya vivido,
si jue amargo el vivir,
es sufrir otra vez lo ya sufrido,
que es más pior que morir?

Pero tamién v' haciéndose de a poco
callo en el corazón...
¡Bien amarga es la yerba y yo soy loco
po'el mate cimarrón!

Por eso al ver tranquiar hoscos y lerdos
mis días sin amor,
ato a soga el ternero e los recuerdos
p'apoyar la lechera del dolor...

[*El Terruño*, octubre de 1919]

• *Vivir a monte*: no tener lugar fijo donde vivir; andar escapando de la justicia.
• *Ansí*: así.
• *Apoyar*: provocar la primera leche ('apoyo') de la vaca lechera haciendo que el ternero mame brevemente en cada teta.
• *Aprontar, dar apronte*: preparar un caballo para una carrera.
• *Caracú*: médula de los huesos, especialmente de las patas de los animales; (por extensión) huesos de las personas; plural: *caracuses*.
• *Flete*: caballo bueno y ágil.
• *Guasivirá* (guazubirá): venado pequeño y muy veloz.
• *Lechera*: vaca lechera.
• *Maceta*: caballo viejo, con las patas deformadas.

Que vivir outra vez o que xa vivimos,
se foi amargo o transitar,
é sufrir outra vez o que xa sufrimos,
que é moito peor que finar?

Pero tamén vai facéndose pouco a pouco
calo no corazón...
Ben amarga é a herba e eu son un louco
polo *mate cimarrón*!

Por iso ao ver *tranquiar* ariscos e xordos
os meus días sen amor,
amarro a soga ao tenreiro dos recordos
pr' *apoyar* a leiteira da dor...

[*El Terruño*, outubro de 1919]

• *Vivir a monte*: non ter lugar fixo onde vivir; andar escapando da xustiza.
• *Apoyar*: provocar o primeiro leite (*apoyo*) da vaca leiteira, facendo que o becerro mame brevemente en cada teta.
• *Aprontar, dar apronte*: preparar un cabalo para unha carreira.
• *Caracú*: medula dos ósos, especialmente das patas dos animais; (por extensión) ósos das persoas; plural: *caracuses*.
• *Flete*: cabalo bo e áxil.
• *Guasivirá* (guazubirá): veado pequeno e moi veloz.
• *Leiteira*: vaca leiteira.
• *Maceta*: cabalo vello, coas patas deformadas.

17

¡COMO TODAS!

¡Oigalé la moza! ¿Yorás porque el gaucho
se jue pa los pagos de ande no se güelve,
y has quedao solita como oveja guacha
que no tiene un perro que por eya vele?...

No siento tu pena que ha de ser fingida,
siento la del triste que se jue pa siempre
si se le hizo cierto que vos lo querías,
y que en tus pupilas era él solo a verse.

Porque si jue ansina, cuando hasta su fosa
de tus risas locas los ecos le yeguen,
y sienta que el hielo de tu olvido infame
más frío es que el hielo de la mesma muerte;

y sepa por boca de alguna luz mala
que ya andás buscando que alguien te consuele,
pa tenerlo e Cristo como a él lo has tenido,
haciendo lo que hacen tuitas las mujeres,

17

COMO TODAS!

Vaia coa moza! Choras porque o gaucho
marchou pr'os *pagos* onde quedas eternamente,
e quedaches soa como ovella *guacha*
que non ten nin un can que por ela vele?

Non sinto a túa coita que semella finxida,
sinto a do apenado que marchou pra sempre
se ao final foi certo que ti o querías,
e que nas túas meniñas era el só a verse.

Porque foi así, cando até a súa fosa
os ecos do teu rir toleirón cheguen,
e sinta que o xeo do teu esquecemento infame
é máis frío que o xeo da propia morte, inclemente;

e saiba pola boca dalgunha *luz mala*
que andas xa na procura de quen che serene,
pra telo de Cristo, como o tiveches a el,
facendo o que fan todas as mulleres,

al verse entre el hoyo maniao y sin daga,
sin poder yamarte y anhelando al pepe
la luz de unos ojos pa sus ojos ciegos,
y el calor de un seno pa su helada frente,

¡sentirá la rabia desatada y loca
del bagual arisco sujeto al palenque
cuando las cacharpas le apretan el lomo
y ni la manea ni el bozal se ruempen!
.....
.....
¡no tengo a tu pena ni un poquito e lástima,
siento la del gaucho que se jue pa siempre,
porque sé lo triste que es hayarse solo
cuando se ha querido como el gaucho quiere!

1920

• *Al pepe*: eufemismo por 'al pedo'; inútil.
• *Guacho*: animal o niño huérfano; adolescente; inmaduro.
• *Luz mala:* fuego fatuo, que los paisanos suponen causado por almas en pena.
• *Palenque*: tres palos, dos clavados en tierra y uno horizontal que los une, donde se atan los caballos, situado al frente del *rancho* o la *pulpería* [ver poema 4]; palo grueso clavado en el corral, para sujetar y amansar los potros.

ao verse entre o foxo atado e sen daga,
sen poder chamarte e anhelando *al pepe*
a luz duns ollos pr'os seus ollos cegos,
e a calor dun peito que a súa fronte xeada quente,

sentirá a raiba desatada e tola
do *bagual* bravo suxeito ao *palenque*
cando as *cacharpas* lle cingan o lombo
e nin a *manea* nin o bozo quebren!
.....
.....
non lle teño á túa coita nin un chisco de mágoa,
sinto a do gaucho que marchou pra sempre,
porque sei o triste que é sentirse só
cando se quixo como o gaucho quere!

1920

• *Al pepe*: eufemismo de 'al pedo'; inútil.
• *Guacho*: animal ou neno orfo; adolescente; inmaduro.
• *Luz mala*: fogo fatuo, que os paisanos supoñen causado por ánimas.
• *Palenque*: tres paus, dous chantados na terra e un horizontal que os une, onde se atan os cabalos, situado fronte ao *rancho* ou a *pulpería* [ver poema 4]; pau groso chantado no curral, para suxeitar e amansar os poldros.

Álvaro Zunini

¡Hopa... hopa... hopa!...

Técnica mixta
(Grafito sobre papel e coloreado dixital)

18

¡HOPA... HOPA... HOPA!...

Cuasi anochecido, cerquita e mi rancho,
cuando con mis penas conversaba a solas,
sentí ayer ruidaje como de pezuñas
y el grito campero de ¡hopa!, ¡hopa!, ¡hopa!...

Salí, y en lo escuro vide uno de poncho
yevando a los tientos lazo y boleadoras,
que al tranco espacioso de un matungo zaino
arriaba animales que parecían sombras.

—"Paresé, aparcero, paresé y disculpe—
le dije: —¿Qué bichos yeva en esa tropa?"
—"Voy pa la tablada de los gauchos zonzos
a venderles miles de esperanzas gordas".

—"Si el mercao promete y, engolosinado,
güelve po'estos pagos en procura de otras,
no olvide que tengo mis potreros yenos,
y que hasta e regalo se las cedo todas"...

18

HOPA... HOPA... HOPA!...

Case no luscofusco, pretiño do meu *rancho*,
cando conversaba coa miña coita a soas,
sentín onte un rebumbio como de pezuños
e o berro campeiro de *hopa!, hopa!, hopa!...*

Saín, e nas tebras vin un de poncho
levando amarrados lazo e *boleadoras*,
que ao *tranco* espazoso dun *matungo zaino*
arreaba uns animais que parecían sombras.

—"Espere, *aparcero*, espere e desculpe—
díxenlle: —Que animais leva nesa riola?"
— "Vou pr'a *tablada* dos gauchos *zonzos*
a venderlles milleiros de esperanzas tolas".

— "Se o mercado promete e, cobizoso,
volve por estes *pagos* na procura doutras,
non esqueza que teño os poldreiros cheos,
e que até de balde llas dou todas"...

Sonrióse el tropero, que era el Desengaño,
talonió el matungo derecho a las sombras,
y áun trae a mis oidos el viento e la noche
su grito campero de "¡hopa!, ¡hopa!, ¡hopa!..."

[*El Terruño*, junio de 1920]

- *Aparcero*: compañero; amigo.
- *Boleadoras*: arma de caza y de guerra indígena, heredada por el gaucho. Consiste en dos o tres bolas de piedra pulida atadas a los extremos de sendos ramales de cuero trenzado y unidos en el otro extremo. Se arroja a las patas o cabeza de los animales, enlazándolos y haciéndolos caer.
- *¡Hopa... Hopa... Hopa!...*: grito con que el gaucho *tropero* arrea ganado.
- *Matungo*: caballo feo y viejo.
- *Tablada*: mercado de ganado.
- *Tranco*: marcha de un animal entre el paso ligero y el trote.
- *Zaino*: caballo de color oscuro.

Sorriu o *tropero*, que era o Desengano,
esporeou o *matungo* dereito ás sombras,
e aínda o vento da noite achega aos meus oídos
o seu berro campeiro de *hopa!, hopa!, hopa!...*

[*El Terruño*, xuño de 1920]

- *Aparcero*: compañeiro; amigo.
- *Boleadoras*: arma de caza e de guerra indíxena, herdada polo gaucho. Consiste en dúas ou tres bólas de pedra puída atadas aos extremos de senllos ramais de coiro trenzado e unidos no outro extremo. Lánzase ás patas ou á cabeza dos animais, enlazándoos e facéndoos caer.
- *¡Hopa... Hopa... Hopa!...*: berro co que o gaucho *tropero* arrea gando.
- *Matungo*: cabalo feo e vello.
- *Tablada*: mercado de gando.
- *Tranco*: marcha dun animal entre o paso lixeiro e o trote.
- *Zaino*: cabalo de cor escura.



Daniela Beracochea

¡Pobre alma mía!

Técnica mixta
(Realización de composicións e figuras
sobre diversos papeis. Stencil en folla 90g
e tinta e esponxa para xerar textura.
Colaxe dixital de imaxes xeradas
e retoques dixitais)

19

¡POBRE ALMA MÍA!

Cuentan que de tu rancho
por la ventana
dentra tuitas las noches
una luz mala,
y hay quien porfía
que es de juro alma en pena...
¡Pobre alma mía!

Quién pudiera vicharla
dispués que dentra
pa saber si la miman
o la disprecian;
¡pobre alma loca
que a aumentar vas tu pena
viendo su boca!

Y quemando en sus ojos
tus blancas alas
que abatirá el enojo
de sus miradas...

19

POBRE ALMA MIÑA!

Contan que do teu rancho
pola ventá calma
penetra todas as noites
unha *luz mala*,
e hai quen porfía
que é certamente unha ánima...
Pobre alma miña!

Quen puidese *vichala*
despois de entrar
pra saber se a aloumiñan
ou se a han desdeñar;
pobre alma tola
que vas aumentar a túa coita
vendo a súa boca!

E queimando nos seus ollos
as túas brancas alas
que derrubará o anoxo
das súas miradas...

¡Almita güena,
no vayas más al rancho
de aqueya hiena!...

quedate aquí penando
cerquita mío,
que alguien ha de vengarte
de sus desvíos...
¡También los años
le han de tráer pa que pruebe
tus desengaños!

[*El Terruño*, junio de 1921]

• *De juro*: seguramente; seguro.
• *Dentrar*: entrar.
• *Vichar*: mirar, ver; observar detenidamente.

Almiña boa,
non vaias máis ao *rancho*
daquela hiena!...

queda aquí penando
ao meu carón,
que alguén ten que vingarte
das súas equivocacións...
Tamén os anos
lle han de traer pra que probe
os teus desenganos!

[*El Terruño*, xuño de 1921]

• *Vichar*: mirar, ver; observar detidamente.

nat cardozo

Nat Cardozo

Mi testamento

Pirogravado
(Pirogravado sobre táboa, acrílicos e lapis de cor)

20

MI TESTAMENTO

Cuando me esté muriendo
saquenmén campo ajuera,
y al lao de una cañada
ande corra un hilito de agua fresca,
ande el trébol de olor y la gramiya
se le brinden al cuerpo como jerga,
y haiga una mata e pasto
pa dejar cáer sobre eya la cabeza,
